

SESIÓN ORDINARIA DO EXCMO. CONCELLO PLENO DO DÍA 29 DE XULLO DE 2021.

No Pazo Municipal de Ferrol, sendo as dez horas e sete minutos do día 29 de xullo de 2021, reuniuse o Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Iltmo. Sr. Don Ángel Manuel Mato Escalona, coa asistencia dos seguintes señores/as: Don Ricardo Aldrey Rey, Dona Martina Aneiros Barros, Don Jesús Basterrechea López, Don Germán Costoya Casas, Dona María Teresa Deus Trasobares, Don Javier Pastor Díaz Mosquera, Dona María Del Carmen García Fraga, Don Antonio Golpe Díaz, Dona Ana Lamas Villar, Dona Ana Leira Hermida, Dona Xiana López Penedo, Dona María Do Mar López González, Dona Eva Martínez Montero, Dona Rosa María Martínez Beceiro, Dona María Elvira Miramontes Mas, Don Alejandro Padilla Rodríguez, Dona Cristina Prados Rubio, Don Julián Reina Villalón, Don José Manuel Rey Varela, Don Antonio Iván Rivas Rico, Dona Susana María Sanjurjo Fraga, Dona María Victoria Suárez Taibo, Don Jorge Juan Suárez Fernández e Don José Tomé López. INCIDENCIAS: Durante a lectura do punto 4 ausentáronse: Sr. Alcalde, Sr. Rey Varela e a Sra. Lamas Villar e reincorporáronse a Sra. Lamas Villar no seguinte punto e o Sr. Alcalde e o Sr. Rey Varela no inicio do punto 7. A orde na que se trataron as mocións foi: 10, 11, 8 e 9 por mor da solicitudes de palabra ó abeiro do Regulamento de Participación Cidadá. Asistidos polo Secretario Xeral Don Leopoldo Moure García e polo Interventor Accidental Luis Ramón Vázquez Parga, ó obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente a este día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DUNHA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á CELEBRADA O DÍA 13 DE MAIO (EXTRAORDINARIA E URXENTE) DE 2021. A Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as asistentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión do 13 de maio de 2021 (extraordinaria e urxente).

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E OS SEUS DELEGADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 16 DE XUÑO E 16 DE XULLO DE 2021. De conformidade co disposto no art. 36.1.31 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol, a Corporación deuse por enterada das resolucións ditadas polo Sr. Alcalde e os seus delegados durante o período comprendido entre os días 16 de xuño e 16 de xullo de 2021.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE FERROL, PARA A FORMALIZACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN DA EXPLOTACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO CONCELLO DE FERROL. (CIVIDAS 2021025483. Examinada a proposta que eleva a Concelleira delegada de Servizos, que textualmente di: "En data 23 de xullo de 2021 a xefa de sección de Medio Ambiente, Zona Rural, Servizos e Obras, emite informe-proposta que textualmente di:

"En sesión data 04/04/2017 o Excmo. Concello Pleno aprobou o Convenio de

colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a formalización da encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración do Concello de Ferrol.

En data 1/08/2017 asinouse o referido convenio e segundo se recolle na súa cláusula sétima, a súa vixencia remata o día 1/08/2021.

Vista a adenda ó dito convenio remitida por Augas de Galicia, a cal figura informada favorablemente polo Secretario Xeral, mediante a sinatura electrónica de data 22/07/2021.

A Xefa de Sección de Medio Ambiente, Zona Rural, Servizos e Obras, co conforme da Concelleira delegada da área de Servizos, Medio Ambiente, Zona Rural e Participación Cidadá, e previo informe favorable da Intervención Municipal, somete a dictame da Comisión Informativa de Urbanismo e Infraestruturas, para a súa posterior elevación ó Pleno da Corporación, a adopción do seguintes acordo:

Aprobar a Adenda ó Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a formalización da encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración do Concello de Ferrol.”

Consta no expediente informe favorable do Viceinterventor Municipal emitido en data 23 de xullo de 2021.

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos, Obras, Seguridade e Contratación reunida en sesión extraordinaria e urxente de data 26/07/2021 dictamina favorablemente a proposta, co voto favorable do PSOE, o voto en contra do BNG e a abstención do PP e FeC.

Polo exposto, a Concelleira delegada da área de Servizos, Medio Ambiente, Zona Rural e Participación Cidadá, propón ó Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a Adenda ó Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a formalización da encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración do Concello de Ferrol.”

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de vinte e tres votos a favor, correspondentes ós Sres./as membros dos grupos Socialista, Popular e Ferrol en Común, fronte a dous votos en contra correspondentes ós Sres./as membros do Bloque Nacionalista Galego, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SRA. LAMAS VILLAR: Bo dia a todos e todas. Como ben sabedes no ano 17 se formalizou un convenio de colaboración entre esta casa e Augas de Galicia que formalizaba precisamente a encomenda de xestión, explotación

e mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración do Concello de Ferrol. Pormenorizadamente indicado o emisario submarino de Cabo Prioriño, a EDAR de Cabo Prioriño e o emisario terrestre da EDAR e o .. (Por motivos técnicos non se pode transcribir).

Este convenio xa fechaba como posible finalización cando existira un novo convenio entre Augas de Galicia, Ferrol e Narón. Esa era unha das posibilidades. Neste momento se está traballando nese convenio, ademais para a nova formalización se necesita unha información e unha relación pormenorizada dos gastos de explotación que tiveron lugar dende o inicio deste convenio e, polo tanto, o que traemos hoxe aquí non é outra cousa que ampliar o período de vixencia do presente convenio para acabar de fructificar ese novo convenio que xa incluírá a Narón tamén, será un convenio entre Augas de Galicia, Ferrol e Narón e que posibilitará ao Concello de Ferrol seguir encargándose da xestión e da explotación desta infraestrutura.

Como sabedes no texto que acompaña, a proposta para a aprobación a este pleno, o convenio se ampliará ata o 31 de decembro deste ano, e ademais tamén se inclúe proporcionar a Augas de Galicia, como os comentaba. esa información necesaria para formalizar ese novo convenio, pois, a proposta inclúe tamén proporcionar Augas de Galicia a documentación xustificativa dos custos asociados da explotación, mantemento e conservación das instalacións obxecto do estudo. Dada a importancia deste tema solicito o voto favorable. Grazas.

SR. RIVAS RICO: Grazas señor Alcalde. Bo día a todos e a todas. Creo que máis ou menos todos somos conscientes de que nesta cidade hai algúns problemas que podemos considerar estruturais ou que forman parte dos grandes problemas que están pendentes de resolver. Deles creo que é obvio é a situación da empresa EMAFESA, a xestión do saneamento, a xestión do ciclo da auga completo e no conxunto da cidade. Nese contexto, eu creo que, cando menos, hai dúas primeiras advertencias que dende o BNG quixeramos facerlle ó Goberno actual do Partido Socialista.

Primeiro, a argumentación da necesidade da urxencia de traer este tema tanto á Comisión que se debateu esta semana como a este pleno municipal, cando creo que hai anos que sabemos que este convenio ten unha data de fin concreta e específica, por tanto, creo que dista moito de ser un tema urxente.

Segundo. O segundo ten que ver coa suposta brevidade deste convenio para unha suposta formalización dun acordo co Concello veciño de Narón, algo que acontece desde o ano 2014 e cando se afirmaba que aquel convenio que se asinou polo Partido Popular e orixinal e primixenio da situación que temos hoxe respecto do saneamento da cidade, era un convenio que duraría escasamente un ano co obxecto de desenvolver un novo marco legal que permítese a xestión desta infraestrutura, a depuradora, que non da servizo exclusivamente ó Concello de Ferrol, sino que o fai e o pode facer a outros concellos como o Concello de Narón e o Concello de Neda.

A cuestión é que sobre a base destes argumentos vostedes nos traen esta proposta ó pleno coma unha especie de, ben, "yo no hice nada, cuando llegué la cosa ya estaba así" e o único que facemos é darlle para diante algo do cal nós non temos ningún tipo de responsabilidade e creo

que este é o lamentable e o triste. Vostedes pasan polo goberno como si nada puidese mudar e todo tivese que seguir igual, porque a realidade é que despois de máis de 7 anos, despois de que desde o ano 2014 o Concello de Ferrol asumira a xestión da depuradora os veciños e veciñas desta cidade levan pagando 100 euros ó mes de maneira recorrente e permanente e a pesar disto e a pesar do contexto derivado da crise sanitaria que levamos vivindo desde o ano pasado o que nos propoñen a este Pleno Municipal o mesmo convenio que se desenvolveu no ano 2014 que se repetiu no ano 2017 e que implica referendar a hipoteca que hai 7 anos asumiu o Concello de Ferrol e que supón unha estafa evidente para os veciños e veciñas desta cidade.

A realidade é que seguiremos a pagar pola depuración de Narón, que seguiremos a pagar pola posta en funcionamento, mantemento, reparación desa infraestrutura e que seguiremos a pagar por unhas obras declaradas de interese xeral e as grandes mudanzas que nos propoñen, son realmente mínimas. Son tan mínimas que non se dignan ni a corrixir as advertencias que por parte da Intervención Municipal se fixeron no ano 2017 respecto deste convenio.

Pasan por alto incluso esas advertencias que eran fundamentalmente dúas. A primeira, que había que determinar cales eran os custes de mantemento, conservación e reparación desta infraestrutura algo sobre o cal non tomaron ningunha decisión. A segunda, e creo que a máis importante, deste punto de vista xa non político senón tamén xurídico que as administracións públicas están sometidas ós mesmos principios de legalidade e no ámbito tributario que estamos o resto de veciños e veciñas e que por tanto non se pode eximir de pagar tributos a ninguén, sexa unha administración pública ou non o sexa e con este convenio que refrende o acordo xa adoptado anteriormente nós pagaremos o IBI que debería aboar Augas de Galicia, que é a titular da infraestrutura pagaremos o IAE de EMAFESA e pagaremos o posible ICIO que acompaña ou que debería acompañar o desenvolvemento de calquera tipo de obra que se desenvolveu o se desenvolverá nesta infraestrutura.

Todas estas cuestións a vostede lle parece que son intranscendentes e non son capaces nin de, cando menos, propoñer unha pequena alternativa de mudanza que mudan pois mudan algo que é en certa medida ten transcendencia e que vostedes deciden que a partir de agora o futuro, o posible futuro, un futuro que xa se antolla como utópico xa non será a xestión desta infraestrutura a través dunha entidade supranacional senón que será a través dun convenio co Concello de Narón, ó cal lle imos a seguir a pagar a depuración. Neste contexto sorprende que o PP, tan preocupado durante tanto tempo porque Narón se aproveitase de nós e ten unha taxa máis barata vaia permitir que se aprobe este acordo con Augas de Galicia.

Eu creo que a actitude que se ten respecto a este problema por parte do actual goberno dista moito de resolver as problemáticas derivadas da xestión desta infraestrutura desta depuradora da relación que existe con EMAFESA, da relación que existe con AQUAGEST de determinar cal é a responsabilidade da Xunta de Galicia e do Estado respecto do despropósito que foi asumir esta infraestrutura a maneira en que se fixo, e a cuestión é que en momentos como este, como dicía antes os veciños pagando 100 euros ó mes de maneira recorrente vostedes nos

traen este convenio tan alegremente á este Pleno sen despeitearse mentres asumimos unha depuradora que non é nosa, mentres asumimos esta hipoteca durante mais de 40 anos que pagaremos todos os veciños e veciñas desta cidade, mentres se nos entregou unha infraestrutura que non se podía poñer a funcionar e ninguén lle pide responsabilidade a ninguén mentres lle damos o servizo a outros concellos que non só e o de Narón e que nos leva a concluír que estamos de novo diante dunha administración local ó servizo dos intereses das empresas privadas que exige de responsabilidade á Xunta que nos entregou esta infraestrutura nunhas condicións lamentables ó Estado que non puxo un euro para desenvolvemento do convenio para a construción dos interceptores xerais do marxe dereita de Ferrol e que pasaron de ter un custe supostamente mínimo dun 10% a estar xa nun 25% deses custes e o máis preocupante de todo cargando toda a responsabilidades e o custe económico deste despropósito deste desastre nos de sempre nos veciños e veciñas do Concello Ferrol.

Por este motivo xa votamos en contra desta proposta na Comisión que se desenvolveu este luns e volvemos a facelo neste Pleno Municipal. Moitas Grazas.

SR. SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas. Bo dia a todas e a todos. Levamos xa pasados os dous anos deste mandato, un mandato onde impera un pouco a tecnocracia faltan iniciativas, sobre todo falta información. Este tema tráese ó pleno coma calquera outro punto, concordo co que se di, que o tema da auga é recorrente persistente de difícil solución, pero mais difícil solución terá cando non se socializa toda a información que rodeo o envolve a unha problemática que ben, da quebrádelos de cabeza a calquera goberno local pero sobre todo ós veciños e veciñas que lles chega o recibo de forma bimensual.

Non sabemos nada do conflito xudicial que mantén o Alcalde con AQUAGEST, non sabemos nada de todas as negociacións con respecto a un convenio co Concello de Narón, non sabemos nada das propostas que estaban elaboradas e informadas respecto a unha taxa de saneamento mais económica para os veciños e veciñas, non sabemos nada das contas de EMAFESA desde que se inicio este mandato, nunca viñeron a este Pleno e non sabemos nada do servizo que se vai prestar ós novos usuarios e usuarias e todas estas cuestións foron preguntadas en comisión incluso foi solicitada a presenza do xerente de SEMAF para que dese conta de canto suporía a alta de 3.000 novos usuarios, decatámonos polos medios de comunicación e ía influír na tarifa do saneamento ou non.

Todos estes temas como digo recorrentes, preguntados unha e outra vez en comisión nos que se remite constantemente a vindeira comisión a vindeira comisión e que nunca dan chegado pois, agora se busca un apoio para unha votación, cando levamos como digo, dous anos tratando de colaborar ou cooperar na información e na formación duns acordos que creo que, co Concello de Narón son imprescindibles, creo que existe e existía nun mandato anterior a vontade de chegar a eles e a formalización deses acordos; o que primeiro debería pasar por un acordo interno do Concello de Narón pero estamos nese tema como noutros tantos como o acordo para a cesión de viarias con PORTOS DE GALICIA, como a formalización do convenio de Defensa que amaneceremos dun día para outro co tema resolto polo goberno pero sen atar cun ningún dos grupos da

oposición. Iso ten unha consecuencia non so é a deslealdade co resto dos grupos senón que os veciños e veciñas creo que merecen, un goberno máis á altura das circunstancias cando se está en minoría á altura das circunstancias implica a procura de acordos e non esa aritmética variable que máis ben eu consideraría unha traizón variable segundo interese político de cada momento.

Creemos que ese paso para que o tema da auga queda resolto, ten que pasar de forma imprescindible cunha colaboración e cooperación leal en termos de igualdade co concello de Narón que se asuman os custes e que se continúe no traballo que se estaba a desenvolver en el mandato anterior entre concellos, entre COSMA e EMAFESA para chegar a un punto único e que permita de unha vez desenvolver unha taxa máis xusta e que sexa acorde ós gastos reais efectivos do servizo. Nada máis.

SR. REY VARELA: Moitas grazas, compañeiros e compañeiras de Corporación. Moi bos días. Desde este grupo levamos máis de 2 anos dicindo que cada vez temos menos contido de gestión en los plenos, en este pleno ordinario cuatro puntos de gestión que se iguala al número de mociones esta vez mas reducida que también es de 4. Menos asuntos a solucionar, cuando desde nuestro punto de vista, la ciudad, cada vez tiene más problemas. Creo que es importante hacer una reflexión y la reflexión es que posiblemente los que somos representantes públicos aún equivocándonos, en esta situación lo mejor hacer más cosas, hacer más cosas en una ciudad que cada vez tiene más problemas.

Hoy traemos un tema importante ya se ha dicho aquí por parte de la portavoz del gobierno y los portavoces de los otros dos grupos, pero no se trae la solución importante, se trae, si me lo permiten, un parche continuar con una situación de interinidad en la que creemos que llevamos demasiado tiempo. Nosotros lo que desearíamos es que tras mas de 2 años desde mandato donde entorno a este tema puede haber, creemos una solución de bastante consenso para dejar de hablar ya de este tema constantemente, bueno pues, más de 2 años creemos que hubiera sido más que suficiente para traer la solución definitiva.

Nosotros esperamos que se pueda traer pronto por lo que decía al principio de la intervención o porque seguimos hablando de los temas de siempre y no hablamos de los nuevos temas que esta ciudad necesita afrontar hacia el futuro, muchísimas cuestiones que dependen de la administración local que desde nuestro punto de vista no están en la agenda del gobierno ni están en la agenda de los plenos que es al final donde se contrasta la agenda pública de los gobiernos con la realidad de lo que desde el ayuntamiento podemos hacer por mejorar nuestra ciudad.

La gestión del agua es una de las competencias más importantes que tiene la administración local, en esto más allá, de los discursos tan habituales de echarle la culpa a lo que pasa en Madrid a lo que pasa en Santiago nosotros tenemos el Ayuntamiento de Ferrol como todos los ayuntamientos de España competencia exclusiva; por lo tanto, de nuestras decisiones depende como se gestiona en Ferrol el ciclo integral del agua, no dependemos ni de lo que diga el gobierno del Estado ni de lo que diga el gobierno de la Xunta, mas allá de la construcción de esas infraestructuras ha contado con la financiación europea, con la financiación del Estado y con la financiación de la Xunta; pero insisto, la competencia es una competencia exclusivamente municipal y los que nos

dedicamos a la Administración Local, lo que normalmente reclamamos es que lo que depende de nosotros que son las competencias municipales no sea ejercido por otras administraciones. Eso es lo que el municipalismo con independencia del color político defiende; pues bien, y voy a remontarme muy brevemente a unos años atrás porque efectivamente, en el mandato en el que yo fui Alcalde, hace más de 6 años se abrió un canal la ciudad para hacer unas obras muy incómodas, la de los colectores de saneamiento, unas obras que llevaban bastante tiempo pendientes y que permitirían poner en uso una infraestructura que parcialmente estaba construida por corporaciones anteriores. Lo que se hizo en ese mandato fue dar cumplimiento y seguir el plan de acción marcado por corporaciones anteriores que creo, es lo responsable que tiene que hacer cualquier responsable público.

Es verdad que lo fácil hubiera sido seguir discutiendo de los modelos como seguimos seguimos discutiendo ahora con la infraestructura ya finalizada; pero no, yo creo que cuando se gobierna, y se busca el interés general, lo que tenemos que hacer es lo posible y que eso posible responda de la mejor manera a los intereses de Ferrol y a los intereses de los ferrolanos, también lo voy a recordar yo, y se empezó a cobrar, lo voy a recordar porque ahora ya se habla poco, ¿no? de la tasa de Rey Varela. Pues yo la quiero poner en valor, la quiero poner en valor porque lo fácil igual que hubiera sido no ejecutar los colectores hubiera sido dejar que pasaran las elecciones y engañar a la gente como en tantas ocasiones se practica, pero no, yo creo, que los gobiernos están para tomar decisiones aún equivocándose desde cualquiera punto de vista, porque ya ha pasado mucho tiempo como dice aquella frase del germen de la autonomía "pasou o que pasou", y lo que paso fundamentalmente fueron dos cosas.

Que la gran estafa en realidad fue la gran mentira y habrá opiniones políticas diferentes, yo me prefiero quedar con lo que han dicho los tribunales, lo que ha dicho en primera instancias los juzgados de Ferrol y lo que ha dicho en apelación de este mismo Concello el Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

Lo segundo, es que se retrasó por las causas que fueran, lo que estaba prevista de nuevas incorporaciones de caudales a la depuradora y de cumplimiento de los plazos, puesto que se ha dicho en demasiadas ocasiones. Una cosa es la puesta en marcha y otra cosa es el seguimiento del protocolo de ejecución concertada que poco a poco iba incorporando, incorporando nuevos caudales para el funcionamiento de lo que es el ciclo integral del agua y sobre la tasa, la realidad, bueno, en fin aquella estafa no debería ser tanto con independencia de lo que dijeron los Tribunales porque habrá quien también dude de lo que dijeron los Tribunales porque han pasado dos Alcaldes después y no hay más que ver el último recibo para comprobar que eso que no se podía cobrar y que era una estafa pues lo estamos pagando ahora con un tiempo de retraso importante y sin modificar ni siquiera su coste adaptada a la nueva realidad y por eso desde este grupo, lo que deseamos de verdad, es que se llegue a un acuerdo definitivo de gestión y que se lleve también a un acuerdo al acuerdo comprometido, con Narón porque efectivamente lo que no podemos consentir los representantes municipales de Ferrol es que se pague distinto por el saneamiento en Ferrol que en Narón, con un mismo

servicio y unas instalaciones la depuradora, ubicadas íntegramente en el término municipal de Ferrol.

Lo que queremos es que EMAFESA como empresa pública sea una empresa pública viable, y una empresa pública que en lugar de traernos problemas constantemente aquí, lo que nos traiga son oportunidades; pues miren, por ponerles un ejemplo también del otro lado de la ría, o más fuera de la ría o en la ría de al lado porque no podemos convertir EMAFESA en una EMALCSA que pueda invertir que pueda tener unos rendimientos razonables y que se pueda iniciar uno de los compromisos que corporación tras corporación se repite, que es el saneamiento del rural para los que otra administración, la Xunta de Galicia, desde hace tiempo tiene reservados tres millones de euros que conjuntamente con la aportación solidaria de todos los ferrolanos porque las cosas no son gratis, por más de que algunos prometan cosas gratis, cuando están en la oposición y después no sean capaces de cumplirlo cuando están en el gobierno, pues las cosas no son gratis y todos tenemos que contribuir a tener unos servicios públicos de calidad. Pues miren lo fácil para nosotros, sería hacer lo que hicieron otros grupos políticos dependiendo de la geometría variable de estar en el gobierno o de estar en la oposición, lo fácil sería como ha hecho el Partido Socialista en el mandato pasado, o hace dos mandatos con respecto a esta cuestión, aún hay alguna persona aquí en este pleno que va a votar diferente a lo que votaba cuando estaba en la oposición del grupo Socialista, nosotros creemos que eso no es lo más beneficioso y lo más coherente para los ferrolanos o la coherencia del BNG, porque claro, supoño que, despois das miñas palabras toda a culpa a ten Rey Varela, toda a culpa a ten o PP pero eu xa lle dixen ó Sr. Rivas no anterior pleno, tense que concienciar que é moito máis goberno que oposición porque o que caracteriza ós gobernos son os plenos de investidura e vostede Sr. Rivas contribuíu cos seus votos decisivos a que os dous últimos Alcaldes fosen Alcaldes. Tamén supoño que non se lle pasaría inadvertido o informe de intervención municipal que acompaña este expediente que di textualmente "que o crédito presupostario que soporta, que soporta este convenio é precisamente o orzamento inicial aprobado cos votos do partido Socialista de Ferrol en Común e do BNG".

Polo tanto, nós desde este grupo o que vamos a tratar de ser coherentes de seguir defendendo o que entendemos que son os intereses de Ferrol e os intereses dos ferroláns, por riba de intereses partidista aínda que tamén dicimos, e lle dicimos ó goberno, que desexamos que canto antes o que se traía aquí non sexan parches porque vai acabar este prazo, porque sabemos dende fai moito tempo que este prazo iba a chegar no mes de agosto porque necesitamos unha solución integral do ciclo da auga unha solución integral de EMAFESA, para que EMAFESA poida facer investimentos para que EMAFESA poida adaptar o custe dos servizos buscando vantaxes da situación de Ferrol tamén para, os ferroláns tratando de optimizar e si se pode baixar o recibo da auga e o recibo de saneamento, é dicir, unha solución integral para que deixemos de falar deste tema e para que poidamos todos os que estamos aquí representando ós ferroláns sentirnos útiles para solucionar un tema do que levamos titubeado e cambiado de posición en numerosas ocasións, para poder empezar a falar de temas novos. Pola nosa parte nada mais e moitas grazas.

SRA. LAMAS VILLAR: Moitas grazas Sr. Alcalde. Escoitando principalmente a intervención do BNG no que falaba do novo convenio seguía sendo gravoso e que perpetuaba unha situación inxusta, parece que o que estamos traendo aquí hoxe é un convenio novo, pero, quero recordarlle que como xa dicía na miña intervención inicial, o que traemos aquí é unha venda (non se pode transcribir) ...inexistente que simplemente amplía o prazo de vixencia para poder frutificar este novo convenio que será evidentemente obxecto de discusión neste pleno e nas comisións previas que ademais, no que ademais, este goberno pretende que Ferrol asuma a súa responsabilidade sobre todo a súa capacidade para a xestión dunhas infraestruturas que están situadas no Concello de Ferrol. Ademais, quero tamén recordarllo, que é un convenio que se baseará nun estudo pormenorizado dos custos como ademais a proposta de aprobación que temos aquí déixao perfectamente plasmado porque eso é o que é xusto para este Concello e por extensión evidentemente para os ferroláns e as ferroláns.

Dada a importancia do asunto e unha vez remitida a documentación ----- compromiso que acompaña á proposta e simplemente deixar moi claro que desde este goberno municipal remaremos para que a solución que se traía aquí, sexa a solución definitiva que se traía a este pleno veña o antes posible.

SR. RIVAS RICO: Grazas Sr. Alcalde. Vou empezar polo final. Por estas dúas cuestións ás que facía referencia a señora Lamas en representación do goberno e dicirlle que, ben, claro, o problema é exactamente ese o que ela acaba de describir que vostedes non traen un convenio novo, ningunha modificación do convenio que existe e que por tanto, si o anterior era gravoso e así o afirmaba o Partido Socialista como xa lle dixo neste pleno municipal de maneira reiterada e tempo atrás ese convenio sigue a ser gravoso e o que é sorprendente é que vostedes como lle dicía ó principio, consideren que pasaban por aquí que se atoparon con esta situación e que o mellor que podían facer é tirar para adiante e meter todo debaixo da alfombra, que creo que é o que nos están a propoñer.

Fala vostede dun convenio a futuro, un convenio que xa dixen antes tamén, é un convenio utópico. Un convenio do cal se leva falando desde o ano 2014 e que nunca y que nunca chega, a modificación que vostedes nos traen hoxe aquí que creo que é importante e é substancial e que xa non falan dun ente supramunicipal para xestionar esta infraestrutura, senón que fala dun convenio bilateral entre o Concello de Ferrol e o Concello de Narón algo que creo que é cando menos está lonxe de cales deberían ser os obxectivos de corresponsabilidade respecto desta infraestrutura que ten carácter supramunicipal que incorpora a un concello posible no futuro como é o Concello de Neda, creo que no cal a Xunta de Galicia a través de Augas de Galicia incluso o Estado deberían ter a responsabilidade que lle corresponde por moito que aquí se continúe a eximir de responsabilidade a calquera administración que non sexa o Concello de Ferrol, que seguramente que independentemente das decisións que se teñan tomado por calquera das corporacións municipais, por calquera dos gobernos incluso por calquera dos alcaldes que asumiron esa responsabilidade ó longo dos últimos anos, sexa a administración con menos responsabilidade en que todo o que ten acontecido respecto a

xestión do saneamento na cidade de Ferrol e do que implique para os veciños e veciñas desta cidade, e a xustificación que esgrimen por parte do goberno para desenvolver esta suposta débeda esta mínima modificación deste convenio é ben, unha veces unha e outras veces outra, a xustificación foron variando ó longo do tempo, os argumentos sempre foron adaptándose a realidade e ós contra argumentos que se expoñían a día de hoxe que vostede nos ven a dicir que hai que facerse cargo desta infraestrutura que esta situada en terreos municipais do Concello de Ferrol, algo que, non implica que teñamos que asumir a xestión desta infraestrutura como acontece doutro lado da ría ou como acontece nun concello próximo como o Concello de Valdoviño que ten no seu mesmo territorio o encoro das Forcadas do cal non ten nin a capacidade para tomar ningunha decisión ó respecto e é o Concello de Ferrol que despois delegou na Xunta de Galicia que é quen ten a competencia para xestionar esa infraestrutura.

O lamentable é que despois de máis de 7 anos onde pagamos todo unicamente todo, e quero dicir que cando digo todo, digo todo, pagamos a xestión pagamos a reparación, pagamos o mantemento, pagamos a posta en funcionamento, e unicamente para que EMAFESA continúe a facer negocio con esta infraestrutura con esta depuradora e a conta dos veciños e veciñas parecería lóxico cando menos despois de estes 7 anos e de senso común que vostedes, cando menos, reflexionasen un pouco e considerasen a posibilidade de devolver esa infraestrutura ó seu propietario que é Augas de Galicia que é a Xunta de Galicia. Iso parecería o lóxico e o normal, levamos 7 anos nesta situación, nunha situación que creo que si algo é evidente é que o único que xera son problemas, ninguén nega os problemas que xera a xestión da depuradora nesta cidade e parece evidente ou obvio, que é despois de todo este tempo a primeira decisión que habería que tomar, miren, o que se ten feito ata agora non funciona, a depuradora non é nosa devolvámola o seu lexítimo dono que é Augas de Galicia, algo que é nos se lles pasa pola cabeza a pesar de que Augas de Galicia nos entregou esta infraestrutura nunhas condicións nefastas para poder entrar funcionar.

Como dicía hai que lembrar ademais respecto a xestión desta infraestrutura e o servizo que presta hai implicados máis concellos que o Concello de Ferrol. Está implicado o Concello de Narón, como todos e todas somos conscientes de que isto é así, pero está implicado tamén o Concello de Neda e seguramente no futuro acabará incorporándose á xestión o cando menos a prestar servizo a través desta infraestrutura para completar a depuración deste Concello, o cal parece tamén cada máis contradictorio os argumentos que expoñen para seguir xestionando de maneira unilateral esta infraestrutura e a cuestión, se falaba neste Pleno por parte del Partido Popular que seguimos a falar dos temas do sempre e seguramente sexa porque os temas de sempre quedaron sin resolver e porque fundamentalmente porque a solución ós problemas de sempre non é a fuxir cara adiante non é reproducir as mesmas receitas que nos levaron a esta situación e que obviamente non resolveron o problema.

Se falaba de que a xestión da depuración do saneamento do ciclo da auga completa é de carácter municipal si, iso obviamente estamos todos e todas da cordo, pero a xestión do saneamento, do ciclo da auga do

Concello de Narón e do Concello de Neda non é responsabilidade do concello de Ferrol, obviamente, e con este convenio volvemos a seguir argumentando o mesmo para que asumamos nós a xestión de algo que non nos corresponde de ningunha maneira.

Se falaba tamén de que a vontade do municipalismo é a xestión da súas competencias de maneira íntegra e ademais de maneira unilateral, ben, eso máis que municipalismo chamaríalle localismo. Desde o BNG consideramos e cremos, que é bo a colaboración e a coordinación con todas as administracións tanto ca Xunta de Galicia como a Administración Estatal pasando tamén polas Deputacións, e por tanto considerar que as entidades locais son Entes estancos e que a partir de traspasar as súas fronteiras nada teñen que dicir ó resto das Administracións Públicas e un argumento que está lonxe de estar compartido pola nosa organización política e sobre todo porque o resto das Administracións teñen responsabilidade por moito que aquí se lles queira eximir desa responsabilidade.

Este argumento tampouco é novo, e aquí por parte dos gobernos que tomaron decisións respecto desta infraestrutura, sempre se considerou que había que eximir da responsabilidade á Administración Estatal e a Xunta de Galicia, respecto desta cuestión cando teñen unha gran responsabilidade sobre a situación na que estamos. A Administración Estatal por desenvolver unha infraestrutura declarada de interese no ano 1997 sen poñer un so euros. Sen poñer un so euro porque, os convenios que se asinaron se financiaron exclusivamente con fondos da Unión Europea e a parte que quedaba esas marxes de porcentaxe entre o 30 e 20 por cento que supostamente deberían financiar os Estados se financiaron sempre ou ben coa achega da Xunta de Galiza e obviamente ninguén nega aínda que era unha achega pechada e coa parte máis importante coa achega que se fixo por parte dos veciños e veciñas neste caso, da cidade de Ferrol de maneira recorrente fora a través de taxas, fora a través de pagos contra factura o fose como fose pero fundamental sempre foi pagarlle á Administración Estatal, pagarlle ás empresas que construíron e as empresas que xestionan esta infraestrutura exclusivamente para o seu lucro e beneficio e beneficio económico.

Por tanto, o fácil era seguir desenvolvendo esta premisa, seguir eximindo das responsabilidades ó resto das Administracións públicas e o fácil era, tirar para adiante, como dicía antes, meter debaixo da alfombra, todos os problemas que xera unha infraestrutura a cal eu a día de hoxe ou hoxe non vin aquí a cuestionar o modelo algo que, obviamente é moi cuestionable porque non ten ningún sentido que no ano 2021 os veciños e veciñas desta cidade teñen que pagar pola depuración de augas de chuvia e que o modelo que se pretende implementar para o futuro desta cidade segue a ser ese modelo obsoleto que o único que supón e incrementar os custes de carácter económico medio ambiental para esta cidade e ante o cal parece que seguimos tendo os ollos pechados pese as advertencias que se fan por parte de todas as Institucións e Entidades cando menos teñen algo que dicir ó respecto e que certificaban e xustificaban isto que se deu en chamar a gran estafa da depuración e que hoxe se ven a dicir que era unha gran mentira, porque os Tribunais afirmaban, no sei exactamente en que termos, que eso non era certo.

Miren, eu voulle dicir, obviamente, a nosa opinión ó respecto. Os

Tribunais o que viñeron a certificar é que o procedemento que se desenvolveu basicamente para un proceso que foi a suspensión e non a derogación da taxa que vostede ven agora aquí a orgullosamente paréceme totalmente lexítimo que vostede veña aquí poñer en valor o traballo que desenvolveu no seu mandato pero que tivo unha graves consecuencias para esta cidade.

O que veñen a dicir os tribunais é que ese proceso se fixo mal. Que o procedemento de suspensión se fixo mal, que habería que facer un proceso de derogación, desa taxa e en ningún momento se entrou a cuestionar si se estaba a prestar o servizo nas condicións que había que prestalo e si o feito impoñible realmente respondía ó que significa depurar algo que o cerne e o obxecto fundamental debería ser debatido neste tempo e que este Concello renunciou a seguir discutindo tanto no ámbito xurídico como no ámbito político e a gran mentira é xustificar, como se xustificou durante moito tempo que non se podía depurar sen taxa e aquí se depurou con taxe e sin taxa. A gran mentira e ter que asumir que a depuradora é municipal cando da servizo a tres Concellos e cando a súa titularidade é autonómica e foi desenvolvida por unha Administración con licitación estatal; a gran mentira e dicir, que pagaremos o 10% pola execución dunhas obras dos interceptores xerais do marxe dereita da ría de Ferrol cando estamos a pagar o 25% ou supostamente teremos que pagar o 25% desas obras e onde como dicía, o Estado non pon un so euro, e gran mentira é dicir que isto resolvía ó problema da ría de Ferrol, cando a día de hoxe, e non o está a afirmar o BNG senón os mesmos e as mesmas mariscadoras están a afirmar as deficiencias da ría de Ferrol van moitísimo máis aló do que supostamente ía a permitir a solución de todos os seus problemas tanto medioambientais como de rexeneración desa ría.

A gran mentira, tamén é dicir que EMAFESA é unha empresa pública e comparala con EMALCSA porque claro, EMALCSA claro que é pública, EMAFESA non, o de EMAFESA é unha empresa que si quere pódelle chamar mixta onde a xestión e exclusivamente privada e nada ten que ver EMALCSA con EMAFESA e por tanto si quixeramos avanzar e non seguir reproducindo os mesmos criterios que levamos asumindo durante tantos e tantos anos o primeiro que teríamos que empezar a cuestionar, é cal é o modelo que estamos a empregar para a cuestión do ciclo da auga nesta cidade a través dunha empresa que seguimos denominando como pública cando de pública ten moi pouco. O único que ten de publica EMAFESA que as aportacións de capital que as aportacións económicas as fai a parte pública, e a parte pública non deixamos de ser todos e todas pero esta moi lonxe de ser unha empresa que vela polos intereses dos veciños e veciñas desta cidade; pero claro, con argumentos como que a Xunta esta agardando para investir tres millóns de euros para o saneamento do rural desta cidade cando nos orzamentos para o ano 2021 se incorporan escasamente 100.000 con este fin a que se toma algunha decisión ó respecto, pois con malos mimbres estamos a construír o futuro e o deseño do que parece que si estamos de acordo en que un dos problemas máis importantes que ten esta cidade.

E mire, señor Rey, eu non sei, sinceramente, creo que ten vostede unha sesión consigo mesmo eu en ningún momento o mencionei na miña intervención, falei da súa organización política e das decisións que ten tomado, e será vostede o que asuma as responsabilidades sobre as cousas

que se teñen decidido ó longo de todo este tempo. Decía tamén que, o noso problema, ou si, entendo que para vostede é un problema, é que BNG apoiou a este goberno no pleno de investidura que é ese o noso pecado orixinal, ven mire, este argumento tan falaz, tan demagóxico e tan repetido e por moito que o repita non quere dicir que sexa certo, para este tema non lle vale, ¿e sabe porque non lle vale?, porque nós non apoiamos ó Partido Popular na investidura que permitiu que durante o ano 2011 e 2015 se xestionaran os servizos municipais desta cidade e onde realmente está o cerne e o inicio de todo este despropósito que significa a xestión do saneamento e da depuradora no Concello de Ferrol.

Remato ca referencia que facía vostede ó informe da intervención a que o crédito orzamentario incorporaba os pagos para poder facer fronte ó que implica a xestión desta infraestrutura e é certo, non llo vou a negar, pero tamén é certo que o fai dunha maneira diferente de cando o facían vostedes cando levaba as rendas deste concello o fai a través dos orzamentos municipais a través de ingreso das taxas da explotacións patrimoniais, como se lles chama agora, algo que tamén debería ser cando menos cuestionable e revisable e non como o facían no seu mandato a través dunha empresa que dista moito de ser unha empresa pública como era EMAFESA, incorporando a través dela e no seu orzamentos os ingresos e os gastos que se acompañaba ou que xustificaban ese protocolo de execución e concertada que caducou que non desenvolveu os investimentos que supostamente debería levar aparelados e que implicaba que supostamente o saneamento da zona rural debería estar feito hai bastantes anos.

O rechamante e sorprendente que pese a todo isto, pese a todas estas circunstancias, o debate que se ten nesta cidade respecto ó saneamento non é porque pagamos o que pagamos, cando é evidente que o custe prestación patrimonial da taxa de depuración está por riba dos custes reais para a prestación deste servizo, ninguén cuestiona, ou vostedes non teñen ningunha intención de cuestionar por que o Estado nun puxo un euro para a construción dos interceptores xerais, ese convenio que vostedes desenvolveron no seu momento e que se financiou exclusivamente con fondos da Unión Europea achega da Xunta de Galicia e as achegas que teñen feito os veciños e veciñas desta cidade.

Ninguén cuestiona porque a zona rural sigue sen saneamento pese a que existía un compromiso por parte de EMAFESA desenvolver ese saneamento e que eses cartos utilizáronse fundamentalmente para sanear as contas desa empresa e ninguén cuestiona porque seguimos a ter un modelo un sistema de depuración obsoleto e seguimos mirando cara ó futuro cos ollos do pasado, sabendo que os custes para os veciños e veciñas da cidade serán importantes tanto desde a perspectiva económica como desde a perspectiva medioambiental, por iso, nós imos manter o mesmo criterio que mantivemos en principio votaremos en contra deste convenio porque ademais, como decía, os argumentos que esgrime o goberno son xa repetidos e pouca xustificación teñen. Moitos grazas.

SR. SUÁREZ FERNANDEZ: Moitas grazas. Bueno, creo que antes de nada, dicir que o saneamento da ria é unha realidade, se nos perdemos en termos da burocracia administrativa, creo que con independencia de que se comparta un sistema ou que se queira facer outro sistema diferente levantando toda a cidade de novo para meter outras canalizacións, o

saneamento na gran parte da ría e real.

No mandato anterior asinouse o convenio para o saneamento da Malata que vai entrar en marcha agora, acadouse o compromiso de Augas de Galicia de que cos restos da licitación poñer en marcha o saneamento do río Sardiña que pronto será unha realidade que os problemas estruturais da ría respecto ó marisqueo non teñen que ver co saneamento que está en marcha, ou si, sería cuestión de variación científica, senón cos fondos da ría que tan mal estado están despois de tantos anos, sen ter unha ría saneada.

Eso é unha verdade inmutable, eso está visible nas analíticas científicas que se van das augas da ría de Ferrol e algo certo e obxectivo as sentencias xudiciais non son unha verdade inmutable, iso o sabemos todos hai que acatalas dentro dun sistema xurídico democrático nun estado de dereito pero non quere dicir que no seu contido sexa palabra de Dios; e a maiores cando as sentencias non entran no fondo do asunto senón que como quedou dito entran a valorar cuestións formais pero si que é, unha verdade inmutable que no ano 2014 cando se inaugura a depuradora e fíxose a visita institucional todas as augas residuais da ría como puideron comprobar os grupos en visitas posteriores, ata o ano 2016, aproximadamente, entraban pola depuradora a través dun "by pass" saían directamente fora do sistema sen pasar por ningún tipo de depuración máis que un decantado inicial. Eso era porque a depuradora estaba nun estado lamentable. Non imos facer agora un revisionismo exhaustivo de todas as circunstancias que rodearon a depuración, pero si que é certo que a posta en marcha era un concepto que estaba diluído dentro do protocolo da execución concertada sen cuantificar, sen valorar e que foi repercutido ós cidadáns de Ferrol sen tan sequera facer unha estimación de cando ía ser, e cando se lle tería que repercutir ós concellos limítrofes que se incorporan ó sistema no seu momento.

Esto son verdades inmutables, igualmente que cada comisión de servizos de urbanismo e servizos no seu momento, seguía informando de cantos pasos se daba, leváronse varios borradores do convenio con Narón para o saneamento, que non chegou a bo porto no noso mandato, leváronse a comisións de contas as contas de EMAFESA en varias ocasións, que logo non foron aprobados no pleno, leváronse propostas de taxas máis económicas que tampouco foron aprobadas ni por un grupo nin por outro. Taxas axustadas ó servizo que non como a actual que está moi por enriba do custo do mesmo, como se demostra en concello como sen ir tan lonxe, como o Concello de Ares, onde o custo é moito menor e onde había estudos por parte de autoridades externas que avaliaban unha redución desa taxa.

Creo que tamén en varias ocasións toda a información trasladada por Augas de Galicia foi posta en común en comisións e a maiores todos os portavoces dos grupos municipais e o Sr. Díaz Doce, o Sr. Rivas a Sra. Aneiros, fomos de excursión a Augas de Galicia para que nos contaran como estaba a situación, eso se chama transparencia, creo que, nas decisións políticas todos e todas nos podemos equivocar nalgún momento pero cando non existe transparencia e un acto de vontade propia non é unha equivocación e que non se quere compartir información prefírese este modelo de garantir os votos e nada máis, é dicir, unha democracia de baixo perfil e unha tecnocracia de alto standing, eso creo que é o

sistema de traballo deste goberno, é respectable nós non o compartimos dende a nosa idiosincrasia política e instamos a que iso varíe, dende logo nós asinamos este convenio imos darlle continuidade cos nosos votos, pero insistimos unha vez máis, cremos que a opacidade unicamente repercute na ralentización dos asuntos que se traen a Pleno e na falta de solucións a conflitos enquistados nesta cidade. Moitas grazas.

SR. REY VARELA: Moitas grazas, vou a tratar de ser moi breve, pero señor Rivas, eu agradézolle que efectivamente non realizara ningunha alusión persoal, pero ten que entender que este tema se trae a pleno eu estou aquí, eu tomei unhas decisións no seu momento, supoño que algunhas desacertadas outras supoño que, acertadas non me toca ni a min ni ó noso grupo xulgalas, pero por falarlle da referencia persoal non, supoño que vostedes sabe que a min me denunciaron en varias ocasións a persoa a Fiscalía, verdade? Ademais deses procedementos xudiciais dos que esta falando, supoño que o sabe, senón dígolle eu, me denunciaron á Fiscalía.

Eu en todo momento, actuei tratando de defender os intereses de Ferrol, e os intereses dos ferroláns e, dando cumprimento ademais o que quedara establecido en corporacións anteriores a que eu estivese aquí, como ten que facer todo aquel que está no goberno, e por eso entenderá que aínda que sexa preventivamente eu terei que defender a miña honra e a honra do noso grupo, porque vostede supoño que tamén recordará o que dicía vostede nas eleccións do ano 2015, sobre a taxa, eu o único que lle lembro, sen ningunha intención de entrar en ningunha polémica porque compartimos oposición, segundo vostede, aínda que eu creo que vostedes, vostedes está no goberno eu estou na oposición cunha diferenza a do respaldo dos veciños, pero eso non ten nada que ver, porque efectivamente vivimos nunha democracia representativa que vostedes dicían no ano 2015 so lle lembro que as responsabilidades son por acción ou omisión que vostede, apoiou os dous últimos alcaldes e os dous últimos gobernos, nada máis que iso. Si este é un tema tan central supoño que nesas negociacións algo terían poder falado sobre esta cuestión.

Sr. Suárez, a min alégame que diga vostede que o saneamento está en marcha, efectivamente, vostede coñecerá, supoño, unha denuncia que cando eu era alcalde había na Unión Europea, e que poñía en serio risco un investimento do Estado da Xunta de Galicia e unha expectativa do Concello de Ferrol de xestión dunha infraestrutura que afectaba claramente os intereses non so do Estado senón da Xunta de Galicia senón dos intereses municipais porque estaba adxudicada esa infraestrutura para o funcionamento dunha empresa con carácter mixto, xa digo, cando se adoptou esa decisión eu estaba no Bacharelato, dificilmente tiven algo que ver non sei se estaba o Sr. Golpe aquí, teño que comprobalo, eu supoño que non, pero ben, eu non estaba, ¿non?, pero dende logo eson foron os motivos dalgunhas das decisións que se adoptaron, dito o cal me van a permitir esta reflexión que fixen antes, dito o cal, creo que o importante é que cada un se poña en su lugar, ustedes están en el goberno nosotros estamos en la oposición, llevamos en la oposición desde el año 2015, este grupo, por lo tanto, vamos a a poner las cosas en su sitio, no vaya a ser que tanto ver el árbol no nos deje ver el bosque, ¿no?.

Nosotros estamos en la oposición, ustedes solos en compañía en

variable están gobernando Ferrol, desde hace más de 6 años. Desde nuestro punto de vista hay unos costes que estamos pagando como consecuencia de la inanición municipal, dejar pasar el tiempo no siempre es lo mejor cuando hay un problema como el problema que tenemos. En segundo la segunda cuestión, además de dejar pasar el tiempo es no tener claro donde vamos, por tanto yo desearía que ustedes porque nosotros no hubiéramos dejar pasar 6 años, y nosotros hubiésemos ido algún sitio y hubiésemos explicado lo mejor posible a donde íbamos lamentamos no haberlo explicado lo suficientemente bien en el 2015, ustedes supongo que se alegraran, yo lo lamento que no lo hayamos explicado bien, no lamento las decisiones que se adoptaron, pues claro, el coste de la inanición es que tenemos una tasa, claro es que aquí, ya lo he dicho más veces, convertimos lo extraordinario en ordinario no se ha modificado en 6 años la tasa. Claro es que esa tasa, esa tasa, que se estableció en el años 2014 es una tasa para la puesta en marcha, como comprenderán la iniciativa de aprobar la tasa y la iniciativa de aprobar los presupuestos es una iniciativa que no le corresponde a la oposición que le corresponde exclusivamente al Alcalde, así lo dice la Ley, y al Gobierno.

El coste de no haber actualizado, revisado la tasa y aprobar ordenanzas fiscales como hacen todas las administraciones series todos los años, desde luego, no es una responsabilidad de este grupo que está en la oposición desde hace más de 6 años, sino que es una responsabilidad del gobierno.

Por lo tanto, lo que decía antes, nosotros vamos a apoyar en coherencia con la votación del año 2014 y del año 2017, esta propuesta, pero vuelvo a insistir esta propuesta desgraciadamente es un parche, hay que hablar de muchas cosas aquí, se ha dicho por parte de todos los que han hablado del tema de Narón, el tema de la tasa, el tema de la zona rural y un largo etcétera.

Por lo tanto, nuestra votación no es esperando que ustedes lo solucionen porque ya llevamos más de 2 años esperando, pero si es una votación que ayude a que se pueda solucionar, por lo tanto, ya digo, vamos a votar favorablemente este convenio que no nos parece que se sea lo mas adecuado, pero nos parece que es lo único que se puede hacer, si somos coherentes para salir de esta situación de inestabilidad que ya está durando demasiado tiempo, en torno al ciclo integral del agua en nuestro Concello y lo que estamos cobrando a los vecinos para la gestión de ese ciclo integral de agua. Por mi parte nada mas y muchas gracias.

4.-PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA OFICINA DE OBOECTOS PERDIDOS DO CONCELLO DE FERROL. (EXPEDIENTE 2021010755).Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Seguridade e Tráfico, que textualmente di: "Examinado o proxecto de "Regulamento de funcionamento da oficina de obxectos perdidos do Concello de Ferrol", informado polo Xefe da Policía Local e por Secretaría Xeral, no que, entre outros puntos, sinala o seguinte:

"O Código Civil, nos artigos 615 e ss., regula o procedemento a seguir respecto dos obxectos perdidos e dispón que a persoa que atopa un

obxecto extraviado, cuxo propietario ou propietaria non sexa coñecida, debe consignalo en poder do Alcalde do concello.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece aspectos esenciais do réxime xurídico dos bens das entidades locais. A Lei 33/2003, de 3 novembro, do patrimonio das Administracións públicas contempla, entre outros aspectos, o concepto de ben patrimonial das administracións, os modos de adquisición, entre os que se figura o da ocupación, a obrigaón de realizar inventario patrimonial e a venda e cesión gratuíta destes bens. Como consecuencia da adaptación á devandita lei, este regulamento alude ao inventario municipal do que formarían parte os obxectos perdidos, unha vez transcorrido o tempo establecido no Código Civil, sempre que non sexan reclamados pola persoa propietaria ou a persoa que os atopou.

Ademais, é necesario adaptar a norma ao Regulamento de bens das entidades locais, aprobado polo Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, no que se regula o concepto e a clasificación dos bens das Corporacións locais, así como o réxime dos bens patrimoniais e o concepto bens non utilizables.

Concretamente nesta normativa régúlase a posibilidade de que as entidades locais adquiren bens e dereitos por ocupación, remitindo, en canto á súa normativa específica, ao Código Civil e ás leis especiais.

De conformidade cos principios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, este regulamento cumpre os principios informadores da acción normativa contidos no art. 129 da citada lei, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia porque a elaboración e aprobación deste regulamento está xustificada por razóns de interese xeral e persegue como fin a regulación de forma clara, simple e sinxela do funcionamento da oficina de obxectos perdidos do Concello de Ferrol, adscrita á Policía Local, dado que non existía unha regulación desta competencia municipal e, por iso, débese regular e establecer neste texto o procedemento ante a situación de atopar obxectos mobles na vía pública dos que se descoñece a persoa propietaria o funcionamento da oficina, o lugar ao que se pode dirixir calquera persoa que encontrase un obxecto perdido ou o cidadán ou cidadá que extravíe un obxecto por se se atopase na citada oficina, a publicidade que debe dar o Concello dos obxectos que se depositan na mencionada oficina, cales son os que se poden depositar, os dereitos e obrigaóns da persoa propietaria e da persoa que atopa un obxecto e os prazos para facelos valer e a finalización do depósito.

A Constitución española e, en particular, a garantía da autonomía local, constitúe o fundamento xurídico esencial da presente norma. Así

mesmo, constitúe título competencial desta norma o disposto na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das Administracións públicas.

Por todo o anterior, o Concello de Ferrol, en uso da potestade regulamentaria que lle atribúe o artigo 4 da Lei 7/1985 e en resposta ás obrigacións municipais que lle corresponden de acordo co sinalado e co artigo 25 do mencionado texto legal, redactou o proxecto de regulamento da Oficina de Obxectos perdidos do Concello de Ferrol."

Tendo en conta o exposto, e previo o ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Servicios, Obras, Seguridade e Contratación, propónse elevar ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento Interno de funcionamento da oficina de obxectos perdidos do Concello de Ferrol.

Segundo.- Abrir un período de información pública e audiencia ós interesados por un prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, consonte ó previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que se contará a partir do día seguinte ó da publicación do acordo de aprobación inicial do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

O texto íntegro do Regulamento poderase consultar durante este período no Taboleiro de Anuncios do Concello, e na páxina web municipal www.ferrol.es.

No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata ese momento provisional, sen necesidade de acordo expreso do Pleno, procedéndose, neste caso, á publicación íntegra do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, (art. 70.2 Lei 7/1985, de 2 de abril), que entrará en vigor unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de vinte votos a favor, correspondentes ós Sres./as membros dos grupos Socialista, Popular e Ferrol en Común e dúas abstencións correspondentes ós Sres./as membros do Bloque Nacionalista Galego, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. COSTOYA CASAS: Moi bo día a todos e todas. Hoxe traemos a este pleno un regulamento creo que necesario porque basicamente pola inexistencia de tal regulamento ata o día de hoxe, nun asunto, que ben,

son os obxectos perdidos que se depositan na oficina de obxectos perdidos deste Concello.

Pensamos que esta regulación é precisa necesaria, en aras do funcionamento ben, pois, máis automático, podemos dicir de esta oficina que se saiba en todo momento que é o que se ten que facer e tamén en canto a transparencia de cara a toda a veciñanza de que o que hai que que é o que se fai con estes obxectos perdidos. Na mesma exposición de motivos deste regulamento xa se di claramente que se trata da elaboración, aprobación e dise que esta xustificada por razóns de intereses xeral e persigue como fin a regulación de forma claras simple e sinxela do funcionamento da oficina de obxectos perdidos do Concello de Ferrol. Xa se di que non existía una regulación deste competencia municipal e que por iso débese regular e establecer neste texto procedemento de situación de atopar obxectos mobles na vía pública, pois neste sentido, e con estas premisas coas que se desenvolve este regulamento.

Este regulamento que, basicamente, o que pretende é ben pois, clarificar o tipo de obxecto que se pode admitir ou non, na oficina de obxectos perdidos, clarificar esa tamén que os dereitos que ten cada persoa ou entidade que deposite algún tipo de obxecto nesta oficina. Tamén se clarifica como gardar estes obxectos, a súa publicación na taboleiro de anuncios, así como na web do Concello e repito en aras da transparencia, tamén como poden os propietarios de obxectos perdidos reclamarlos en caso de que haxa algún nesta oficina e tamén se ordena, ben pois, que facer con eses obxectos se non son demandados por ninguén.

Cremos que é un regulamento bastante, sinxelo, non vemos maior complicacións simplemente repito, a nosa intención é pois poñer negro sobre branco par poder funcionar con claridade e con transparencia nesta oficina de obxectos perdidos que a día de hoxe, pois, acumula moitos anos de depósitos que por falta dunha regulación, pois, non se sabe moi ben que facer con eles ou como actuar.

Por todo isto, é polo que solicito a todos os grupos o seu voto favorable para que poida entrar en funcionamento este regulamente á maior brevidade posible. Moitas grazas.

SRA. LÓPEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas Sr. Golpe, bo día a todos e todas. Vou ser moi breve este punto, xa que xa fixemos as achegas na comisión permanente e aínda que podemos entender todas as explicacións do concelleiro da area, dicir que parece neste punto dos convenios de colaboración con entidades xurídicas o privados para xestionar o servizo queda demasiado aberto a calquera tipo de modelo de xestión privada, porque sabemos, aínda que os convenios lévanse a pleno tamén sabemos que hai moitos convenios que non se traen. Adiantamos de todos modos o noso voto que será a abstención. Moitas grazas.

SR. SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas. Creo que é unha proposta que emula modelos doutras cidades, que dende logo interese para resolver situacións particulares da cidadanía de Ferrol e agardemos que se atope moi pronto a ordenanza de regulación de tráfico nesa oficina.

SR. DÍAZ MOSQUERA: Gracias Sr. Golpe. Bo día a todos os compañeiros e compañeiras presentes neste salón de plenos e por suposto bo día a todos os compañeiros e compañeiras e veciños que están seguindo esta sesión plenaria telematicamente.

O punto que estamos a tratar neste intre como ben explicou o Sr. Costoya, ten por finalidade instrumentar no ámbito administrativo local as previsións xa contidas nos artigos 615 e seguintes do código civil, isto pois non significa que ata agora no Concello de Ferrol non houberse unha oficina de obxectos perdidos, senón, que todo o contrario xa fai moitos anos, que no Concello de Ferrol exista a devandita oficina e con funciona cunha gran eficacia e de forma eficiente e felicitamos por elo desde o noso grupo á persoa que se ven encargando diso nos últimos ano.

Efectivamente, e de todos modos dende o Grupo Popular estamos de acordo con este punto e votarémolo favorablemente, insisto e repito que aínda que exista unha previsión no Código Civil que no Concello de Ferrol, pois, xa levamos anos funcionando perfectamente cunha oficina destinada a obxectos perdidos e bo, e bo e vemos de forma positiva que existindo efectivamente un vacío legislativo de norma municipal que regule o tratamento legar a dar a aqueles obxectos perdidos no noso termo municipal esta proposta saia adiante. Por todo iso insistimos no noso voto favorable, esperando que pase o período de información pública para que sexa adaptado de forma definitiva. Moitas grazas.

SR. COSTOYA CASAS: Bueno, simplemente para agradecer o apoio dos grupos polo sentido do vota que acaban de manifestar incluso, ben, ó BNG tamén, polo menos pola súa abstención, pero repito o que dixen na comisión en canto ós convenios de colaboración, eu penso que están regulados suficientemente, este regulamento no sentido de que non vaia haber ningún tipo de privatización nin ningún convenio de privatización neste sentido e en todo, caso de haber algún tipo convenio de colaboración de cara a que se nos trae obxectos perdidos por parte de entidades, pois, terá que pasar polo pleno e así me comprometo que sexa en caso de que chegara haber algún que non intención deste goberno. Moitas grazas.

5.-PROPOSTA DE APROBACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE FERROL SE INCORPORE E ASINE O CONVENIO DE ADHESIÓN Ó PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEGAMP PARA A EXECUCIÓN DA MEDIDA XUDICIAL DE PRESTACIÓNS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE. (EXPEDIENTE 2021024251).Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Seguridade e Tráfico, que textualmente di: "Seguindo instrucións do Concelleiro Delegado de Seguridade e Tráfico, Mercados, Consumo, Sanidade e Benestar Animal iníciase a tramitación do expediente para que o Concello de Ferrol se incorpore e asine ó convenio de adhesión ó protocolo Xeral de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade, en virtude da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro de responsabilidade penal dos menores.

Primeiro.- Este protocolo, asinado no ano 2006, ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a FEGAMP para a execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade imposta polos Xuíces de Menores, -en virtude do artigo 7.1 (j) da Lei orgánica 5/2000- a menores/mozos, de ámbolos dous sexos, residentes no ámbito territorial das diferentes

corporacións locais de Galicia, así como nos procesos de reinserción que se deriven, todo isto sen prexuízo das competencias e das responsabilidades correspondentes á Xunta de Galicia.

De acordo co protocolo asinado por ámbalas dúas entidades, expónse como obxectivo prioritario a consecución do benestar dos menores, e considérase imprescindible a colaboración entre diferentes institucións públicas para acadar un servizo máis eficaz na atención dos menores con problemas de inadaptación social.

Sendo necesaria a colaboración e a coordinación entre as diferentes administracións públicas para acadar un servizo máis eficaz na atención dos menores galegos con problemas de inadaptación social sobre os que recaera a medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade (P.B.C.) en virtude do artigo 7.1 (j) da Lei 5/2000, de 12 de xaneiro.

Segundo.- Entre as competencias das corporacións locais, encóntranse expresamente recollidas polo artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as relativas á información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Terceiro.- O Coordinador de Seguridade do Concello de Ferrol, no informe emitido con data 7 de xullo de 2021, relativo ó interese de adhesión ó referido protocolo por parte do Concello de Ferrol manifesta o seguinte:

"En setembro de 2019 o Concello de Ferrol e o Ministerio do Interior, a través da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, firman un convenio de colaboración para o cumprimento de penas de traballo en beneficio da comunidade en diferentes instalacións e servizos dependentes do Concello.

A presente adhesión ao Protocolo Xeral de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade en virtude da Lei Orgánica 5/2000 do 12 de xaneiro de responsabilidade penal dos menores é un paso mais, e ineludible, na responsabilidade do Concello de Ferrol co interese público.

Dende a presente coordinación considérase que as áreas de actuación onde o Concello prestaría unha mellor labor pedagóxica sería na protección civil a través de tarefas de axuda social realizadas pola Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

O presente convenio non supón repercusión económica para a administración nin implica, por parte do Concello, ningún tipo de gastos."

Logo do exposto, informada a proposta pola Secretaría Xeral e previo o ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos, Obras, Seguridade e Contratación, propónse elevar ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobar que o Concello de Ferrol se incorpore e asine ó convenio de adhesión ó protocolo Xeral de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a

execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade, en virtude da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro de responsabilidade penal dos menores.”

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. COSTOYA CASAS: Este punto que traemos, vou a ser moi breve na exposición non porque sexa, un punto importante para nós. Tratase de continuar na liña de colaboración co resto de Administracións Públicas nos campos nos que así se poida facer dende, dende o Concello en canto cumprimento de penas xa se fixo co Ministerio do Interior para cumprimento de penas de maiores de idades se ven facendo neste Concello xa dende hai algúns anos pero si é certo que de cara a facilitar o cumprimento de penas de menores, pois este Concello non estaba, non estaba, colaborando pese a que dende o ano 2006 se firmou un convenio entre Xunta de Galicia e FEGAMP para poder axudar a estas mozas e mozos a que poidan facer a súa prestación en beneficio da comunidade en cada un dos concellos, non vou a dubidar da intención de anteriores gobernos que por suposto non vexo ningún impedimento en que tiveran intención en que se levara a cabo e que nos adherísemos a este convenio pero, si é verdade que tal vez o que temos máis distinto imos a dicir con respecto a outros gobernos anteriores e a evolución da nosa agrupación de voluntarios de protección civil que ven crescendo de maneira exponencial tanto en cantidade como en calidade dende hai xa varios anos, dende hai máis de, dende logo, máis de dous anos dos que levamos nós no goberno, xa ven de gobernos anteriores estes cambios de actitude pero si é verdade que tal vez ata o día de hoxe, ben pois, esta agrupación que é a máis idónea para facerse cargo de estes mozos e mozas non tiñan os suficientes recurso como para facelo e seguramente ese foi o condicionante de que outros gobernos non se adherisen a este convenio que por outra parte, me parece que non é máis que beneficioso sobre todo para esas mozas e mozos e dende logo para o Concello de Ferrol, pois non ten ningún tipo de custe económico polo tanto, podendo facer esta colaboración tanto coa Xunta como coa FEGAMP, ben a colaboración basicamente coa Xunta con quen nos vamos a adherir aun convenio entre Xunta e FEGAMP, ben pois, o que vamos é a facilitar que estes mozos e mozas poida facer estas prestacións en beneficio ca comunidade no noso Concello que penso eu, que xa hora lle ia sendo de que así fora.

Polo tanto nada máis que solicitar o voto favorable de todos os grupos para esta adhesión a este convenio que non deixa de ser mais que unha colaboración importante entre as distintas Administración Públicas. Moitas grazas.

SRA. LÓPEZ GONZÁLEZ: Grazas Sr. Golpe. Solo tomo a palabra para adiantar o noso voto a favor. Grazas.

SR. SUÁREZ FERNÁNDEZ: Relacionado co tema de seguridade do Concello e aproveitando, creo que nos últimos anos, como ben dixo o Sr. Costoya produciuse unha evolución dos servizos de protección civil, tamén grazas ó convenio asinado con esta agrupación e cos servizos de seguridade a

incorporación de 16 novos policías 8 bombeiros ó cadro de persoal, tamén houbo unha evolución favorable e unicamente quería poñer a nota sobre unha cuestión que a estrutura tanto de policía como de bombeiros na súa xefaturas ten unha problemática que merece ser solucionada para darlle esta continuidade á mellora dos servizos de seguridade do Concello en canto a nos parece normal as circunstancias actuais ás que está tanto a xefatura de bombeiros como todo o cadro das xefatura de policía local que cremos que cómpre unha reflexión sobre este asunto en vindeiros plenos relacionados ca relación dende postos de traballo. Vamos dar voto favorable dándolle continuidade a ese convenio do que se falaba coas persoas maiores de idade e que isto sirva para a integración social e que se busca nestes menores que todos sabemos son problemáticas que as veces teñen difícil solución e se convarten en endémicas. Nada máis.

SR. DÍAZ MOSQUERA: Gracias Sr. Golpe. Unicamente desde el grupo Popular decir que vemos con buenos ojos que el Ayuntamiento de Ferrol, se incorpore y firme este convenio de adhesión así como esta adhesión por la ejecución de las medidas impuestas a los menores, serán en beneficio de la comunidad algo que desde nuestro grupo vemos totalmente positivo que los menores que hayan podido cometer algún error en una edad temprana de su vida pues puedan reorientarse y resocializarse realizando actividades de ayuda social en esta caso, a través de protección civil, hacer un reconocimiento de esta línea al Sr. Costoya que sigue la senda continuada como así se ha comentado en el año 2019 con la firma de otro convenio con el Ministerio del Interior. Dar también la enhorabuena al coordinador de seguridad y por supuesto desde nuestro grupo a los voluntarios de protección civil que serán las guías de estos menores hacia un futuro mejor. Muchas gracias.

SR. COSTOYA CASAS: Simplemente para agradecer ós grupos o voto favorable ó señor Suárez, ben, non esperaba este comentario neste punto realmente non ten ningún tipo de vinculación nin con Policía Local nin con bombeiros pero en todo caso comparto esa preocupación tanto da xefatura como dos que non son xefaturas en bombeiros en Policía Local e intentamos mellorar súas condicións laborais así como o número de efectivos en ámbolos corpos e esperamos que nas próximas datas poida, se poida levar a cabo algún tipo de mellora neste sentido dende logo a intención deste goberno por suposto. Moitas grazas.

6.-DAR CONTA DAS VÍTIMAS MORTAIS POR VIOLENCIA DE XÉNERO, DENDE O 1 DE XANEIRO ATA O 22 DE XULLO DE 2021.(CIVIDAS 2021025926).- Examinada a proposta que eleva a concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Etnicas e Normalización Lingüística, que textualmente di: "Ao abeiro dos datos proporcionados pola "Delegación del Gobierno para la Violencia de Género", a concelleira que subscribe dá conta ao Pleno da Corporación de que o número de falecidas por mor da violencia de xénero, dende o 1 de xaneiro ata o 22 de xullo de 2021, é de 27 mulleres."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. Asistentes, deuse por enterada.

DELIBERACIÓN

SRA. PRADOS RUBIO:

(Por motivos técnicos non se pode transcribir).

7.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES DO PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL 2021.(CIVIDAS 2021024754).Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Benestar Social, que textualmente di: "O Premio Solidario Cidade de Ferrol ten como obxecto principal premiar os esforzos de iniciativas e proxectos desenvolvidos no ámbito da solidariedade, a cooperación e o voluntariado. Con este obxecto, a Concellería de Benestar Social, tal e como se viña facendo en anualidades anteriores, puxo en marcha unha nova convocatoria do Premio Solidario.

A este respecto e con data 23/07/2021, a xefa de Servizo de Benestar Social, Igualdade e Xuventude emite o seguinte informe proposta:

Competencia das entidades locais

As bases reguladoras do premio contemplan dúas categorías, unha para proxectos solidarios no eido do voluntariado que se desenvolvan nun contexto local e outra para proxectos solidarios no ámbito da cooperación internacional e dentro da protección dos dereitos sociais básicos das persoas e colectivos máis vulnerables.

Respecto do **ámbito da cooperación internacional**, o artigo 20 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento das Comunidades Autónomas e Entidades Locais contempla que "1. La cooperación para el desarrollo que se realice desde las Comunidades Autónomas y las Entidades locales, expresión solidaria de sus respectivas sociedades, se inspira en los principios objetivos y prioridades establecidas en la sección 2.ª del capítulo I de la presente Ley.

Pola súa banda, o artigo 98.1 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece que "Las entidades locales podrán desarrollar actuaciones de cooperación para el desarrollo, como proyección exterior del ejercicio de sus competencias, promoviendo la coordinación y complementariedad entre las administraciones públicas y aportando un valor añadido, especialmente en aquellos ámbitos en los que el municipalismo gallego cuenta con experiencia y capacidades diferenciadas, como la protección de derechos sociales básicos, servicios sociales, urbanismo y ordenación del territorio, gestión pública de los recursos hídricos, gestión medioambiental, igualdad de género, educación para la ciudadanía global o cualquier otro en el marco de sus competencias."

No canto do ámbito dos proxectos solidarios no **ámbito do voluntariado**, o artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia contempla, entre as competencias dos Concellos, o fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local

Pola súa banda, o artigo 23 da Lei 10/2011 do 28 de novembro, de Acción

Voluntaria, enumera, entre as competencias das entidades locais galegas: *a de promover a acción voluntaria nos seus respectivos termos municipais, así como fomentar a participación da cidadanía; artellar os mecanismos de participación das entidades de acción voluntaria na vida local ou a de conceder axudas e subvencións para o desenvolvemento da acción voluntaria.*

A maior abundamento, o artigo 25 da citada Lei 10/2011, relativo a incentivos e apoios a entidades e persoas voluntarias, establece que *"Las administraciones públicas de Galicia podrán financiar programas o proyectos de acción voluntaria directamente con cargo a sus propios presupuestos en aquellas condiciones que se determinen reglamentariamente."*

Bases reguladoras do premio

Tal e como consta no expediente, as bases foron informadas favorablemente pola asesora xurídica de Benestar Social, Igualdade e Mocidade.

Importe máximo do programa

O importe máximo contemplado ascende a 10.000 € (importe dos premios), imputable á partida 04001- 2315- 48000.

Consta RC con número de operación 221100921, Ref. 538.

Procedemento de tramitación dos premios

Respecto do procedemento de tramitación dos premios, o artigo 4 da Lei 38/2003 exclúe do ámbito de aplicación da lei os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario. A sensu contrario, ao resto dos premios seralles de aplicación a mesma.

Por outra banda, a disposición adicional décima da Lei 38/2003, relativa aos premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza establece que *"reglamentariamente establecerase o réxime especial aplicable ao outorgamento dos premios educativos, culturais, científicos ou de calquer outra natureza, que deberá axustarse ao contido desta lei, salvo naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións ,non resulte aplicable."*A día de hoxe non se aprobou o dito regulamento.

Do exposto conclúese eu os premios están suxeitos á lexislación sobre subvencións salvo nos aspectos que resulte incompatible a súa aplicación pola propia natureza do premio, como por exemplo o réxime de xustificación das subvencións, que non pode aplicarse aos premios. En todo caso, resultan de aplicación os principios aos que se refire o artigo 8.3 da LXS:

- "a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.*
- b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.*
- c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos."*

A aplicabilidade dos principios de publicidade, transparencia e concorrencia, fai conveniente a aprobación dunhas bases reguladoras da concesión dos premios. Considérase que as bases redactadas axústanse, atendendo á especialidade da materia, á normativa en materia de subvencións.

Por outra banda, o artigo 18.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións regula a publicidade das subvencións na Base Nacional de Datos e establece a obriga das administracións concedentes de remisión, á dita Base, de información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos do artigo 20 do citado texto normativo.

A remisión desta información a BDNS conleva a realización previa dos seguintes trámites:

-Aprobación das bases reguladoras polo órgano competente (Pleno) e publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal.

-Aprobación da convocatoria e remisión dun extracto da mesma á BDNS, quen a súa vez dará traslado deste ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, comezando a partir do día seguinte á dita publicación o cómputo do prazo de presentación de solicitudes das axudas.

Á vista do exposto, e ao abeiro do artigo 17.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, propóñolle á concelleira delegada da Área de Benestar Social e Patrimonio Histórico, para a súa elevación ao pleno, a adopción do seguinte acordo :

Primeiro.- Aprobar as bases do Premio Solidario 2021.

Segundo.- Publicar as bases no BOP da Provincia e no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal.

Á vista do exposto, e previo informe favorable da intervención municipal, propónse á concelleira delegada da Área de Benestar Social e Patrimonio Histórico para a súa elevación ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro- Aprobar as bases reguladoras do PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL 2021 que se xuntan no expediente e a súa remisión ao BOP para a súa publicación."

Con posterioridade o expediente foi fiscalizado de conformidade pola intervención municipal.

O pasado 27/07/2021 a Comisión Informativa de Benestar Social ditaminou o expediente (a favor : Psoe e PPe resérvanse para o Pleno: Ferrol en Común e BNG)

Á vista do exposto, proponse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro- Aprobar as bases reguladoras do PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL 2021 que se xuntan no expediente e a súa remisión ao BOP para a súa publicación."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

(FALTAN AS TRES PRIMEIRAS INTERVENCIONS. NO SE GRABARON)

SRA. MARTÍNEZ MONTERO:

SRA. LÓPEZ GONZÁLEZ:

SR. SUÁREZ FERNÁNDEZ:

SRA. MARTÍNEZ BECEIRO: ... ya que los criterios que estaban hasta hoy aprobados hacían una mayor incidencia, en la participación y en lo local y si que si es cierto con carácter un poco estacionas en una ocasión un programa que no tenía precisamente buena la incidencia aquí pero que si se llegaba a realizar aquí como es el programa vacaciones en paz por parte de del consenso de todos tuvo el premio extraordinario y muy merecido.

Consideramos por lo tanto que es un logro de todos el poder hacer dos criterios y poner en valor tanto la participación local con el voluntariado y la solidaridad y también la cooperación en programas fuera de nuestro entorno, por todo ello, bueno, pues ponernos de acuerdo con todo esto, yo creo que es sumar en cosas que tiene un carácter muy importante ya que es un ámbito de política social para ayudar a la gente más vulnerable. Nada más.

SRA. MARTÍNEZ MONTERO: Simplemente agradecer o apoio que é un exemplo da unanimidade e do consenso de toda a corporación con respecto ó coñecemento e do traballo que veñen facendo desde sempre as entidades sociais da nosa cidade, e polo tanto, creo que é unha boa nova que estes premios que levan dende o 2008 que polo tanto pasaron os diferentes grupos políticos e mantiveron sempre este premio, creo pois que unha boa nova pois esta convocatoria, estas bases pois saian por unanimidade.

8.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á NOVA TARIFA ELÉCTRICA. (CIVIDAS 2021021677).- Examinada a moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, que textualmente di: "O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de conformidade co disposto no artigo 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol, e co artigo 97.2 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte moción ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

Exposición de motivos:

O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola "Comisión Nacional de los

Mercados y de la Competencia" (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súa actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Ferrol da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica,

singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de oito votos en contra, correspondentes ós Sres./as membros do grupo Socialista, fronte a dous votos a favor, correspondentes ós Sres./as membros do Bloque Nacionalista Galego e quince abstencións, dos Sres./as membros do grupo Popular e Ferrol en Común, acordou REXEITAR a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. RIVAS RICO: Grazas Sr. Alcalde. Agardo ter máis sorte nesta moción que na anterior, que na procura desa unanimidade ó final o partido PP, se descolgou dun acordo que era fundamental, desde o noso punto de vista, para os intereses dos veciños e veciñas desta cidade do mesmo modo que o é empezar a considerar que en un dos bens básico e de primeira necesidade que teñen os veciños e veciñas en concreto a cidade de Ferrol da mesma maneira que o é a auga e un tema que xa tratamos no primeiro punto da orde do día neste Pleno Municipal como é a electricidade e a luz se base en criterios de reparto equitativo e en función dos intereses das persoas e non das empresas neste caso as grandes empresas enerxéticas que o xestionan, a realidade é que isto é un proceso que levamos sufrindo ó longo de todos estes anos, décadas, xa, no que a xestión da enerxía se desenvolve exclusivamente sobre a base dos intereses das empresas e responsabiliza ás persoas de asumir os custes para beneficiar ás empresas enerxéticas vai sendo hora de que poñamos coto, e claro, o último Decreto desenvolvido polo goberno do Estado no que pretende que sexamos nós os que asumamos os custes da tarifa eléctrica ou da xeración de enerxía, obrigándonos a poñer a lavadora a fin da semana ó mesmo tempo que pretende desenvolver concesións para a instalación de parques eólicos a cambio de nada e tanto a Xunta de Galicia como o Goberno do Estado, pois creo que é un pouco cando menos contradictorio, da mesma maneira que un pouco esperpéntico que un país como o noso exportador de enerxía na que nós, producimos e outros consumen non teñamos una tarifa eléctrica que cando menos recolla o feito de que o custe de produción desa enerxía é menor aquí que en calquera outro lugar do estado, xa sen ter en conta que estamos a asumir os custes medioambientais que implica contar coas centrais de produción enerxética no noso país.

Por ese motivo presentamos esta moción co obxecto de que cando menos aínda que sexa por sentido común asumamos unha tarifa eléctrica galega é algo fundamental, e necesario polo feito de que obviamente, como dicía antes é máis barato a enerxía no lugar onde se produce que ter que trasladala a outros lugares onde se dedican a consumir e non

teñen ningunha capacidade de produción e onde ademais podamos compensar os custes medioambientais que supón contar coas instalacións de produción desta enerxía.

A segunda cuestión ten que ver co feito de que creo que vai sendo hora de que poñamos en cuestión o modo en que se establecen o prezo da electricidade neste Estado, onde o prezo da enerxía máis cara e a que define o prezo de toda a enerxía que se produce, claro, aquí topámonos co problema de que os consellos de administración destas empresas están integrados por persoas que teñen ou que deberían ter tomado estas decisións que non as tomaron e que a casualidade acaban formando parte destes consellos de administración e que parece que non é casual que esta dinámica se siga a reproducir de maneira permanente e constante. Con este obxecto presentamos esta moción, unha proposta que ve avalada por milleiros de sinaturas recollidas por todo o país que están a ver, como no caso desta cidade a estafa da auga se lle está a sumar a estafa, do custe da electricidade e que creo que vai sendo hora, e cando menos digamos que basta xa. Moitas grazas.

SR. SUÁREZ FERNÁNDEZ: Creo que esta moción xa foi debatida en anteriores ocasións, é certo que de momento ----- de moito, creo que as posicións políticas de cada organización son sobradamente coñecidas. Nós non compartimos unha tarifa eléctrica galega, cremos que o problema é estrutural que afecta a todos os territorios e debe ser tratado de forma conxunta e cos as peculiaridade de cada un deles.

Cremos que o problema ven derivado da non aplicación das directivas da Unión Europea, xa polo goberno de Mariano Rajoi e agora por este goberno, que impiden unha tarifa eléctrica xusta cas peaxes abusivas e que foi amañada ou tentaba amañar con parche como é a discriminación horaria incompatible cos traballadores co horario dos traballadores e traballadoras deste país, ademais, nun réxime de traballo que case impide a aplicación ou a memorización case, diría, desas horas de discriminación horaria.

Cremos que este camiño de estafa das eléctricas, isto si que si é unha estafa, creo, estafa das eléctricas á cidadanía ven iniciado na senda da privatización dunha empresa pública que podería ser a solución, dende logo, a actual incidencia da factura eléctrica nos aspectos da cidadanía, que esta privatización foi unha das decisións que se iniciou no mandato de Felipe González, dándolle continuidade ó Sr. Aznar e que foi, creo que ó principio dun fin que como se dixo pois, ten entre outros factores as portas xiratorias que impiden un desenvolvemento lexislativo que dá cumprimento a esa directiva da Unión Europea que faga un prezo equiparable ós de outros estados e que se consoliden persoas sen a formación suficiente en postos moi ben retribuídos e temos algún cidadán que está aí, moi ben representado e moi ben retribuído, todos sabemos quen é facendo alarde desta porta xiratoria.

En definitiva cremos que a solución pasa pola creación dunha empresa pública estatal, por unha lexislación tamén a nivel de estado dun bono social que dea, pois, saída as persoas que non podan facer fronte a recibos que a día de hoxe son esaxerados respecto ó custo de produción da enerxía e que isto debe ser feito en base ó cumprimento dos acordos do goberno de coalición que está así reflectido e de momento non foi desenvolto. Nada máis, grazas.

SR. REINA VILLALÓN: Moi ben, pois, moitas grazas Sr. Alcalde. En primeiro lugar, creo que é importante que intentemos explicar ós nosos veciños, dentro das nosas posibilidades e coñecementos en que consiste as medidas aprobadas polo goberno cuxo obxectivo non é outro que abaratar a factura da luz e que tentarei resumir en tres puntos:

En primeiro lugar, ca entrada en vigor da nova factura eléctrica o que se busca é fomentar o aforro enerxético, a eficiencia o autoconsumo e o desprego do vehículo eléctrico en coherencia cos obxectivos en materia de enerxía e clima nacionais europeos. Tamén supoñer un descenso do 2,7% do prezo de custe regulado para o conxunto dos consumidores.

En terceiro lugar, e o máis importante, polo menos para nós, é que o obxectivo desta medida non é tanto abaratar o prezo de factura para o que se desenvolven outro tipo de iniciativas e non desprazalos consumos dende as horas punta de máxima demanda eléctrica a outras con menos saturación das redes, as denominadas horas "valles", ¿porque se busca este obxectivo?, por unha razón moi sinxela para evitar os novos investimentos cos seus correspondentes custos que serían repercutidos en cada un dos nosos veciños e veciñas. Entrando un pouco máis en detalle, podemos afirmar sen medo a equivocarnos que los consumidores que despracen os seus consumos de luz cara as horas de menor demanda e máis económica, por outra banda, conseguiran un aforro na súa factura e nese 30% da factura que é a que esta afectada, posto que o resto, o sea, afectada por esta reforma, posto que o resto depende do mercado eléctrico e dos impostos.

Outros aspectos que podemos destacar da nova factura e que reduce a parte fixa da tarifa e dase maior peso á parte variable para favorecer ou co obxectivo de favorecer a eficiencia enerxética.

Tamén queremos comentar que algunhas das reformas adoptadas polo goberno para abaratar a factura eléctrica como aquelas destinadas ó fomento do autoconsumo, as medidas para favorecer o despliegue, penetración e integración de renovables, que xa son, a forma máis barata de xerar enerxía.

Recordar tamén, que se desenvolveron medidas para protexer ós consumidores vulnerables como a creación do bono social térmico e a aplicación do bono social eléctrico, así como as actuacións extraordinarias para amortiguar o impacto da Covid-19, especialmente nos consumidores vulnerables coa prohibición do corte de subministracións, prórroga automática do bono social eléctrico, conxelación dos prezos máximos da bombona de butano ou a ampliación do bono social, para traballadores autónomos que cesan na actividade ou tiveran reducida a súa facturación polo Covid-19. Estas modificacións no longo prazo teñen como obxectivo que unha parte do dividendo do carbono poida beneficiar a todos os consumidores reducindo o custo da transición enerxética.

A xeración de enerxía, nas centrais non emisoras de CO2 xera menos custoso, posto que non terán que internalizar o prezo do CO2, con todo, o funcionamento do mercado fai que sexan retribuídas como xa se comentou previamente, ó prezo da última tecnoloxía que entra no sistema que adoita ser o gas que si que leva incorporado o prezo do CO2. Ese diferencial é o que buscamos e que deixen de recibir, de recibilo as non emisoras xerado ese o que consideramos beneficio inmerecido o que fará esta norma reducir este beneficio e repartilo entre todos os

consumidores.

Tamén comentar que está en tramite o proxecto de lei de creación de fondo nacional para a sostibilidade do sistema eléctrico unha media coa que o goberno pretende seguir avanzando na implantación das enerxías renovables no noso país, equilibrando o sistema e contribuíndo a reducir tamén a facturada da luz para consumidores e empresa. A estimación do aforro da factura cando estea plenamente operativo é aproximadamente dun 13% e si por si todo o que temos comentado aquí para saír un pouquiño do argumento reiterado das portas xiratorias, fora pouca, este goberno que non mirou para as grandes empresas senón para os veciños e veciñas que son os afectados e os consumidores co fin de minimizar os riscos do impacto que poda ter o período de adaptación da nova tarifa, tamén aprobou unha serie de medidas fiscais específicas para consumidores domésticos PYMES e industrias, o primeiro, a primeira media foi como todos e todas sabemos a redución do 10% do IVE ata fin de ano para todos os consumidores cunha potencia contratada ata 10 kilovatios sempre que o prezo mensual como se manifestou neste ---- do 45 megawatios hora, esta medida afecta ó 99% dos fogares a segunda medida e a redución ó 10% do IVE a todos os consumidores vulnerables severos e a terceira é a suspensión do 7% do imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica.

Por todo o comentado non podemos acompañar a proposta do BNG e de rexeitar o modelo enerxético do goberno de España. Nada máis e moitas grazas.

SRA. ANEIROS BARROS: Muchas gracias señor Alcalde. La verdad, después de oír al señor Reina, la verdad es que creo que casi tendríamos que dar gracias de que el señor Sánchez este gobernando en España, porque en materia energética y de luz estamos por no decirlo de otra forma mas grosera, de maravilla. En fin, empezar por dar dos datos en primer lugar España cuarto país de la Unión Europea en el que se paga más por la electricidad.

Segundo dato. Según Eurostar en el día 19 al cierre del año 19, el precio del Kilovatio hora era el 5º más alto de la Unión Europea, el 5º más alto de la Unión Europea, en el 19, después de eso que nos encontramos siendo ya los 5º mas altos de la Unión Europea, entre mayo del 20 y mayo del 21 la factura de luz sube un 44%.

Una subida, creo que para todos, tenemos que concluir a pesar de lo que acabaos de oír que es inasumible para muchas familias, inasumibles para muchos negocios en los momentos que estamos viviendo y desde luego, tengo que concluir que esto no es más que el resultado, de una política energética totalmente desastrosa de un gobierno Socialista concretamente el gobierno socialista del Sr. Sánchez, que llevó a cabo una transición ecológica que no fue tal, porque no existe transición ecológica y que desde luego entiende muy mal que es la transición ecológica; improvisación, improvisación absoluta tanto en la forma en las maneras de planificar esa transición energética y también improvisación absoluta en la forma de buscar soluciones a los problemas que están generando.

Este gobierno lleva tres años prometiendo medidas para rebajar la luz, eso es cierto, pero, la realidad es que la factura eléctrica no baja, lo que pasa es que la factura eléctrica sube, un incremento para familias para PEMES, para autónomos y que desde el sistema desde la

implantación de ese sistema de tarifas se ha visto todavía incrementado.

Estamos hablando de una desde el 1 de junio rige ese nuevo sistema esos tres tramos horarios, punta, llano y valle que lo que hizo en primer lugar restringir la libertad de los consumidores, en segundo lugar lo que hizo fue obligar a cambiar los hábitos de vida de las personas, algo que por cierto, no todo el mundo puede hacer.

Señor Reina, hablaba usted de que al final estas son medidas que es lo que hacen es ahorrar, realmente usted creo que aquí hay ahorro. El ahorro es una solución engañosa que se nos esta vendiendo por parte del Gobierno haciéndonos creer que es menor que ese ahorro es mayor que realmente el incremento que va a experimentar la factura para millones de consumidores y todo esto lo hace un gobierno que se dice progresista, un gobierno que se dice progresista adopta estas medidas. Un gobierno que defiende el teletrabajo y lo que hace es subir la luz en las horas del día que es cuando se esta teletrabajando. Un gobierno que dice defender a los pequeños empresarios, que dice defender a los hosteleros, a los peluqueros, a los talleres, en definitiva a todos esos a los que les sube hasta el triple, el coste de la luz en las horas que tienen que trabajar. Un gobierno que dice que también defiende, por ejemplo, a las personas del rural y que casi estaría obligando a la gente que tiene granjas, por ejemplo, a ordeñar las vacas por las noches, si nos fiamos de estas tarifas que se han implantado desde el mes de junio y ya no tener en cuenta personas que desgraciadamente tienen que conectarse a máquinas para poder vivir y que no pueden elegir las horas ni los momentos en los que tienen que conectarse a esas máquinas que les dan la vida.

Pero es que aún cambiando los hábitos la gente ni siquiera de esa manera, esa es la solución para reducir el coste de la luz porque lo cierto es que solamente el 25% de la factura el eléctrica, sólo el 25%, está vinculado a lo que es el consumo de energía a lo que es la, a lo que es la producción de energía, porque todas las demás cuestiones, son cuestiones claramente que dependen de decisiones políticas, por eso llama la atención el argumentario, Sr. Reina que usted acaba de narrar en este salón de plenos que venga aquí a defender esta reforma energética, lo buena que es y lo que ahorra y lo fantástica que es para todos los españoles, pues en fin, si usted está realmente convencido de lo que acaba de leer, pues allá usted, desde luego yo lo dudo.

Dudo claramente que crea en todo lo que acaba de decir en esta pleno, realmente, bueno, el argumentario que le han pasado responde al estilo más plenamente Pedro Sánchez, en fin, casi me recuerda a Pedro Sánchez, hace un año cuando salía en rueda de prensa a decir que habíamos vencido al virus, más o menos, tiene prácticamente el mismo efecto por lo menos el que a mi me ha causado. Supongo que sería un argumentario que dejó hecho el Sr. Iván Redondo, antes de que lo hubiera cesado y que a lo mejor tendría que ser sometido a algún tipo de revisión por los nuevos que ahora están haciendo todas esas nuevas reformas y esos cambio, que estamos conociendo.

En fin, decir que hablaba de improvisación y es improvisación lo que ha generado esa improvisación del gobierno lo que ha generado todas estas cuestiones, lo que queremos es que hay medidas que tienen que adaptarse, adoptarse, es cierto que se ha rebajado el IVA, pero también

es cierto que es una medida provisional hasta final de año. Es cierto que se ha suspendido el impuesto a la producción eléctrica pero es una medida que tiene un plazo de vigencia de 3 meses y es cierto, que todas estas medidas que se han vendido como tan fantásticas pues no valen prácticamente para nada y se lo digo, porque titulares de la prensa de ayer y de antes de ayer: un cliente medio pagará 135 euros más por factura de luz en el 2021; 28 de julio el precio de la luz en julio casi triplica al de hace un año, será el más caro de la historia, a pesar de lo que usted nos acaba de decir en este pleno, si usted cree que las medidas adoptadas son suficientes, desde luego creemos que no, y los hechos hablan por sí solos.

Desde luego lo que si creemos es que hay que tomar otro tipo de medidas hay que provocar el descenso de la factura eléctrica pero con revisión de los tramos horarios hay que llevar a los presupuestos generales del Estado costes regulados en esa tarifa eléctrica como la deuda del sistema eléctrico, hay que revisar la tributación de la factura eléctrica impulsando una reforma fiscal porque non tiene ningún sentido que haya muchísimos países de la Unión Europea que están pagando que tienen una tributación mucho, mucho más pequeña, mucho más llevadera para las familias que la que hay en España, y hay que impulsar eficiencia energética y auto- consumo concediendo más peso a lo que es la energía más, que a la potencia, ya no hablar de la simplificación de la factura eléctrica, porque en fin, para cualquier consumidor para cualquier familia entender, comprender los términos de la factura que le llega a su domicilio es realmente imposible.

Por tanto, como decía creemos que esto no es más que las consecuencias de las políticas de este gobierno y por tanto vamos a solicitar en este caso al BNG la votación por puntos porque si bien coincidimos con el rechazo claro y expreso a esta política improvisada del gobierno de Madrid, no podemos compartir la cuestión relativa a la tarifa eléctrica galega de la que se hace mención en esta moción.

No podemos apoyarla, creemos que la solución como decía pasa por reducir impuestos, por reducir peajes, por reducir recargos, por hacer una política energética eficiente, basada en energías renovables sostenibles, pero no compartimos que la solución sea la tarifa eléctrica galega y en cualquier caso, pues bueno, simplemente recordar al BNG que bueno, que es socio, finalmente del Gobierno actual y por tanto, como él utiliza a el Sr. Rivas la palabra que habitualmente utiliza en este pleno que es la de cómplice y de alguna manera es también cómplice de esta política llevada a cabo por el gobierno del Estado con el apoyo que es su partido también le está dando y que en cualquier caso, hasta lo que yo sé, precisamente en ese acuerdo de investidura, en ese pacto con el Partido Socialista que permitió que ustedes les apoyaran para ser presidente, una de las demandas era precisamente una demanda vinculada a la rebaja de la factura eléctrica, por tanto, creo que a quién le tiene que exigir es a su socio en Madrid, el cumplimiento de esos compromisos que no solamente incumplen aquí en el Concello de Ferrol, sino también en el gobierno del Estado. Nada más, solicitar la votación por puntos. Gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. Alcalde. En primeiro lugar, dicirlle á señora Aneiros que non se preocupe xa llo esiximos ó goberno do Estado,

non lle estamos pedindo a vostedes, creo que teñen unha pequena teima con esta cuestión, non me quedou moi claro o Goberno tamén é alí, entendo, entón, tamén formamos parte do goberno do Estado igual que aquí, ben debe ser algo parecido. Non sei si alí acontece o mesmo, como non estou alí, non sei si alí tamén o partido Popular lle aproba todos os puntos da orde do día ó goberno do Partido Socialista, como acontece aquí, estando nesa magnífica oposición, pero ben, son os seus argumentos cargados de razón e que tampouco vamos a entrar a discutilos novamente, porque seguramente repetirán permanente e constantemente de intentar converter as series de mentiras en verdades.

En segundo lugar, creo que comparten vostedes un argumento co resto de organizacións políticas, supoño que isto tamén asumiran, e co resto das organizacións políticas de carácter estatal e é que lles parece que unha tarefa eléctrica galega non é unha tarefa eléctrica xusta, o que están a demandar é unha tarefa eléctrica xusta e a cuestión é que pouca xustiza ai no feito de ter que asumir os custes de produción e transporte dunha enerxía para que outros a consuman, pero ben, esta é unha concepción da xustiza que dende a súas organizacións políticas, creo que, terán que, cando menos reflexionar, porque ese concepto de xustiza está moi lonxe de estar próxima á realidade.

Respecto dos seus argumentos, que estaba a expoñer o Partido Socialista, dicir que, en primeiro lugar, fala de que estas novas tarifas suporán un aforro enerxético non sei exactamente para quen, despois, argumentaba para aqueles que despracen o seu consumo ás horas nas que o prezo da electricidade sexa máis baixo, a cuestión é que, non todos e todas poden desprazar e non é que todas e todos podan desprazar ese consumo senón que non deberían ter porque facelo, porque obviamente vostedes están a cargar nas persoas a responsabilidade de desenvolver ese aforro enerxético do que falan, cando os grandes consumidores obviamente non somos as persoas de a pé, senón que son os grandes as grandes empresas consumidores de enerxía e sobre elas, si que, non adoptan ningunha decisión senón máis ben que fomentan que se sigan desenvolvendo en base ós novos criterios que existían ata agora, e para xustificalo o único que desenvolven é argumentos cada vez máis torticeros crean unha especie de lío, lío, a ver si así, somos incapaces de saber exactamente que é o que nos están a propoñer e agora nos veñen a dicir que o prezo da enerxía ten que ver coas emisións de CO2 que teñen que asumir as empresas enerxéticas que desenvolven esta produción de enerxía sobre o gas, ben, non sei de onde saca vostede este argumento, pero o prezo da enerxía leva sendo así bastante antes de que se estableceran límites para as emisións de CO2 e que ademais estas emisións de CO2, se penalizaran desde un punto de vista económico, porque eses prezos da enerxía que xa teñen un nome singular prezos caídos do ceo, teñen que ver co feito de que, cando se desenvolveron as infraestruturas para xerar enerxía supostamente, había que aboar o déficit que implicaba a construción destas infraestruturas para executar estes investimentos, encoros, centrais térmicas e de todo tipo e que por iso esas empresas enerxéticas tiñan que ter unha remuneración acorde a eses investimentos nas que o prezo da enerxía se valoraba sobre o custe máis alto co obxecto de cando menos, paliar estes investimentos.

Realmente sempre foi un argumento falso, un argumento que non tiña

nada que ver coa realidade para empezar todas estas infraestruturas se financiaron con fondos públicos a maior parte deles, ademais a costa dos veciños e das veciñas e con implicacións de carácter medioambiental que nós temos moi próximas tanto polos ríos como por centrais como a de Meirama ou As Pontes, que a día de hoxe pretender encher ou xa encheron con auga e converter nunha especie de Lago de los Cisnes e polo tanto creo que vai sendo hora do que o prezo da enerxía á realidade dos seus custes, non ás prebendas que as grandes empresas enerxéticas levan tendo desde que asumen a xestión de un dos bens básicos que existen na nosa sociedade. Fala tamén de que non existe un incremento dos prezos da enerxía, ben, desde o punto de vista abstracto e que considera exclusivamente as tarifas, si vostede argumenta que se reduce a parte fixa e se incrementa a variable poderíamos afirmar que non, pero o problema do tarifazo non esta no incremento do prezo, está na discriminación horaria e a discriminación horaria que está a provocar é que no mes de xullo sexa un mes que implicou un incremento do 35% respecto dos meses anteriores no custe da enerxía para os fogares, de todos e todas nós, isto non o dicimos nós, o din as organizacións de consumidores.

Por tanto é evidente que existe un tarifazo eléctrico sobre a base do Decreto que vostedes levan desenvolvido, e fala tamén da necesidade de, ou cando menos o seu obxectivo promover o autoconsumo, non sei desde que perspectiva consideran que se poda desenvolver o autoconsumo, cando en este estado toda a enerxía que se produce aí que introducila na rede, por tanto de autoconsumo, nada, en calquera caso en función dos criterios que establezan as empresas que xestionan a enerxía e que comercializan a enerxía neste Estado, xa por non falar dos impostos que teñan desenvolvido ó longo de todos estes anos a produción mediante as enerxías renovables e das primas que se lles outorgan a este tipo de produción con combustibles fósiles como os pagos por capacidade ou pretender argumentar que o gas é tamén unha enerxía renovable. O certo é, que a conclusión do que vostedes teñen desenvolvido ó longo destes meses o longo dos últimos meses, o que está é a provocar un pelotazo enerxético do cal se están a beneficiar as empresas que xestionan e que comercializan esta enerxía por varios motivos:

En primeiro lugar, porque eu non sei si a vostedes lles ten pasado, pero estou canso de recibir chamadas durante os últimos días, semanas ofrecéndome ofertas e cambios tarifarios que argumetan que "déjelo usted en mis manos que yo le resuelvo el problema y le va a salir todo baratísimo". O segundo porque, obviamente, se está incrementado os custes de comercialización. O terceiro porque está subindo o prezo da electricidade en termos xerais.

Se vostedes consideran que non é cando menos susceptible de rectificación o que teñen as decisións que teña adoptado ó longo dos últimos meses, pois, creo que, deberían cando menos facer unha pequena reflexión, sobre o tema da tarifa eléctrica galega, non insisto vexo que están todos e todas vostedes de acordo esa decisión e a posición que manteñen con toda a lexitimidade e obviamente asumindo que, os galegos e as galegas sigamos sendo penalizados por producir enerxía ó contrario do que deberíamos, polo menos ser susceptibles de recibir cando menos algún tipo de contraprestación ou bonificación, vemos que os proxecto eólicos

que están a desenvolver tanto desde o Estado como desde a Xunta, utilizan o mesmo criterio, seguen a considerar que son unha colonia, e que por tanto poden facer uso dos recursos sexan materias ou humanos consideran oportuno, obviamente esa visión dista moito desa perspectiva e desa concepción. Moitas grazas.

SR. REINA VILLALÓN: Nada, moi brevemente, eu simplemente para matizar, algunha das afirmacións que se puxeron enriba da mesa e comentaba a Sra. Aneiros, que a improvisación do Goberno Central e a mala xestión da factura da luz e que todos os problemas da repercusión que teñen nos fogares eran motivado, ou xerados polo Goberno, eu parcialmente estou da cordo ca súa afirmación con un matiz é que foi xerado polo Goberno anterior, non foi o Goberno de Pedro Sánchez o que ralentizou a implantación das renovables neste país, nin foi o Goberno de Pedro Sánchez o que aprobou un imposto solo, creo recordar, e polo tanto é verdade que estamos pagando as consecuencias das malas decisións que se tomaron nun momento concreto, neste país por iso, intentaba explicar nese argumentario que ninguén me pasou, elaborei eu, porque máis ou menos teño a idea de que podemos estar polo que escoitamos nesta Sala nun nivel todos aproximado de coñecemento do desglose da factura eléctrica, polo tanto, e loxicamente, como todos os veceiros e voceiras aquí presentes houbo que preparar un pouquiño esta moción, porque dende a perspectiva e dende as competencias do pleno deste Concello e pois, loxicamente non está na nosa preocupación pero non no noso día a día.

Comentaba o señor Rivas, tamén, os males da modificación que se levou a cabo, simplemente teño unha pregunta, quen independentemente do que se falou de que foron con cartos públicas as inversións iniciais, me pregunto, a quen pensa o Sr. Rivas a quen van a repercutir o reforzo e a renovación das infraestruturas dende a parte privada, eu non sei quen pensa quen o vai terminar pagando, penso que si evitamos a sobrecarga na infraestrutura, si conseguimos levar unha distribución e un consumo eficiente acompañado da implantación de enerxías renovables considero que, poderemos ir avanzando cara ó sistema que ten que rexer no futuro na nosa sociedade, e con respecto ó que comentaba do CO2, creo que é exactamente o motivo, o un dos motivos do terceiro punto da súa moción, polo tanto, supoño que o entenderá. Reiterar o noso voto desfavorable e nada máis. Moitas grazas.

SR. RIVAS RICO: Eu unicamente facer mención, á última cuestión á que se refería o Sr. Reina, en relación a quen vai ter que asumir os custes de un suposto desenvolvemento de investimento para renovar as infraestruturas para xeración de enerxía, Sr. Reina, a situación que temos e herdada dun réxime ditatorial que é o franquismo que financiou a estas construcións con cartos públicos e que delegou todos os beneficios nas empresas que xestionan esa enerxía. Isto aconteceu no franquismo, quero dicir, ¿que lle prece se cambiamos o modelo?, é dicir, ¿que lle parece si para desenvolver infraestruturas de xeración de enerxía deixamos de repercutir os custes nos veciños e nas veciñas e llos imputamos a aquelas empresas que, se lucran e que obteñen beneficios desa produción e de esa comercialización?, ¿que lle parece si desenvolvemos proxectos de parques eólicos por exemplo, onde os beneficios repercutan entre os veciños e as veciñas, desenvolvan proxectos industrias e ofrecer electricidade dos afectados e das

afectadas sexan menor?. Pois ese é o obxecto disto ¿non?. Intentemos cambiar o modelo, a min o que me sorprende e que vostedes asuman que ese criterio desenvolvido durante décadas, pois é eterno. Moitas grazas.

SRA. ANEIROS BARROS: Perdón, perdón no se si permite el BNG, votar por puntos.

SR. ALCALDE: ¿Permite votar por puntos, Sr. Rivas?

SR. RIVAS RICO: Pensamos que o fundamental ten que ver coa xestión da enerxía a través dos nosos recursos e por tanto, unha valoración exclusiva do decreto desenvolvido polo Estado sin ter en conta a posibilidade de desenvolver unha tarifa eléctrica, a verdade non ten moita lóxica.

SR. ALCALDE: Entendo que non.

9. MOCIÓN PARA CONDENAR O INDULTO OUTORGADO AOS LÍDERES INDEPENDENTISTAS CATALÁNS CONDENADOS POR SEDICIÓN.-Examinada a moción e emendas presentada polo grupo municipal do Partido Popular, que textualmente di:

"O Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol e dos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2017, diversos partidos e membros do Goberno de Cataluña organizaron un referendo ilegal co obxectivo de separar esta comunidade autónoma do resto de España e quebrar a indisolúbel unidade do noso país que recoñece a nosa Carta Magna.

Ademais, proclamaron de forma ilegal a independencia e a constitución dunha ilegal república catalá.

Por elo, dous anos despois os impulsores destes actos (Oriol Junqueras, Carme Forcadell...) foron condenados polo Tribunal Supremo a penas que oscilan entre os nove e os 13 anos de prisión, así como a penas de inhabilitación. O alto tribunal considerou probado que os condenados cometeran delitos de sedición e/ou malversación.

No momento de coñecerse a sentenza, o Presidente Pedro Sánchez "garantía tanto á cidadanía catalá como ó conxunto da cidadanía española que esa sentenza cumpriríase na súa totalidade" posto que "ninguén está por riba da lei", mentres que outros membros do seu goberno defendían que as penas impostas debían cumprirse integramente.

Pero tanto Sánchez como o seu goberno seguían precisando os votos dos partidos independentistas cataláns para manterse no poder; algo que se fixo máis necesario despois das eleccións xerais celebradas en novembro de 2019 nas que o PSOE perdeu case 800.000 votos e tres escaños respecto ás celebras en abril do mesmo ano.

Esa necesidade foi o detonante de que o goberno propuxese realizar una modificación do delito de sedición, incluída dentro dunha reforma máis ampla do Código Penal, que suporía unha rebaixa das penas ós condenados polo 1-0.

Agora, en 2021, o Presidente Sánchez e o seu goberno non esconden a súa vontade de indultar a uns condenados que non só non mostran arrepentimento, senón que deixan claro que teñen intención de reincidir nos delitos cometidos.

Ademais, tanto a Fiscalía como o Tribunal Supremo opóñense ó indulto. O alto tribunal, nun demoledor informe aprobado por unanimidade dos seus membros, explica que o que pretenden o Presidente Sánchez e o seu goberno é retorcer a natureza do indulto e cuestionar "os presupostos que fan lexítimo o exercicio da función xurisdiccional". É dicir, o goberno está poñendo en dúbida, ó igual que fan os líderes independentistas, o funcionamento da xustiza española, o que significa un ataque a unha institución que constitúe o pilar fundamental de nosa democracia.

Por último, destacar que o Tribunal Supremo deixa en evidencia a verdadeira intención do Goberno ó defender o indulto ó recordar que "algúns dos que aspiran ó beneficio do dereito de graza son precisamente líderes políticos dos partidos que hoxe garanten a estabilidade do Goberno chamado ó exercicio do dereito de graza".

E, por todo elo, o Grupo Municipal Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.-Expresar o respaldo incondicional e absoluto á Constitución e ó resto do ordenamento xurídico español como garantes da integridade e unidade da nación e do estado de dereito e a democracia no noso país.

2.- Manifestar o apoio á labor que realizan tódolos días os diferentes tribunais de xustiza españois, con especial mención ó Tribunal Supremo, de maneira independente, responsable e sometidos unicamente ó imperio da lei como establece o artigo 117 da Constitución Española.

3.- Instar ó Gobierno de España a respetar a independencia das diferentes institucións do Estado e as decisións xudiciais e a non conceder o indulto a aqueles que vulneran- como declarou probado o Tribunal Supremo- non só a nosa Carta Magna senón tamén outras leis españolas e que pretenden reincidir no delito de sedición cometido.

4.- Instar ó Presidente do Gobierno de España a comparecer no Congreso dos Deputados nun pleno monográfico para explicar a súa intención de conceder o indulto ós condenados pola sentenza 459/2019, de 14 de outubro, pola convocatoria dun referendo ilegal e a proclamación ilegal dunha república catalá independente.

5.- Dar traslado deste acordo ó Presidente do Gobierno, ó Ministro de Xustiza e ós Portavoces dos Grupos Políticos do Congreso e Senado”.

EMENDAS

“-Substituír o punto 3 por esta nova redacción: Condenar a decisión do Gobierno de España por conceder o indulto a aqueles que vulneraron - como declarou probado o Tribunal Supremo- non só a nosa Carta Magna, senón tamén outras leis españolas e que, repetiron en numerosas ocasións, que pretenden reincidir no delito de sedición cometido.

- Eliminar o punto 4, pasando o punto número 5 a ser o 4.”

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de trece votos en contra, correspondentes ós Sres./as membros dos grupos Socialista, Ferrol en Común e Bloque Nacionalista Galego, fronte a doce votos a favor, correspondentes ós Sres./as membros do grupo Popular, acordou REXEITAR a moción e as emendas transcritas.

DELIBERACIÓN

SR. DÍAZ MOSQUERA: Gracias señor Golpe. La moción que el grupo Popular trae a debate hoy a este pleno, la cual ya se traía en el mes de junio condena los indultos concedidos por el gobierno de España, a los líderes independentistas catalanes que fueron condenados por sedición e malversación. Entendemos que por su magnitud debe ser tratado en este pleno dada la confusión y desconcierto que este asunto, pues, ha provocado en la mayoría de los ciudadanos de nuestro país de fuera de nuestro país, y por supuesto de nuestra ciudad, Debe ser tratada aquí porque son muchos los ferrolanos que viven o que tienen familia en Cataluña y que les afecta directamente y porque son muchos los ferrolanos que se han posicionado con este tema. Si bien cuando el grupo popular presentó esta moción que hoy defendiendo aun no se había producido de forma oficial los indultos, esperamos que aquello no sucediera y qu el presidente del Gobierno, pues, escuchase a los españoles, pero eso, no ha sido así, al igual que sucede en Ferrol, que el Gobierno que el Sr. Mato no escucha a los ferrolanos el Sr. Sánchez ha hecho lo que le vino en gana y los indultos se hicieron oficiales hace unos días.

Por ello hemos presentado una enmienda de sustitución en su día por registro para que dicha moción que defendemos, pues, pueda ser debatida con toda lógica, y sentido. Si me lo permiten haciendo un breve repaso, como todos sabemos, en octubre del año 2017, diversos partidos políticos

y miembros del gobierno de Cataluña organizaron un referéndum ilegal un referéndum de independencia que había sido suspendido por el Tribunal Constitucional y que finalmente fue declarado inconstitucional. Tenía un objetivo claro que no era otro, que el de separar esta comunidad autónoma del resto de España quebrantando, por tanto, la norma suprema del ordenamiento jurídico español que es la Constitución Española en su artículo 2, recoge expresamente la constitución se fundamenta en la indisoluble unidad de la nación española patria común e indivisible de todos los españoles, así mismo proclamaron de forma ilegal la independencia y la constitución de una ilegal república catalana que como todos sabemos en ningún caso fue reconocida por ningún estado ni por ninguna institución. Después de la realización de todos estos hechos ilegales e inconstitucionales la justicia actuó de forma contundente y así los impulsores de estos actos pues fueron condenados por el Tribunal Supremo, por un delito de sedición en concurso medial con un delito de malversación agravado por su cuantía a unas penas de prisión que oscilaron entre los 9 y los 13 años y así mismo con una pena de inhabilitación absoluta, quedó probado por tanto por nuestros Tribunales de Justicia que los delitos cometidos por todos los condenados. En el momento de conocerse la sentencia dictada por el Tribunal Supremo, el presidente del Gobierno Español, Sr. Sánchez salió a la palestra, tan solo 3 horas después de conocerse la sentencia y el mismo afirmaba sin ningún titubeo varias cosas, varias cosas, entre las que podemos destacar el indulto a los independentistas y defendía el íntegro cumplimiento de la sentencia, mostraba el Sr. Sánchez el respeto y el acatamiento por parte del gobierno a la sentencia del proceso y avisaba que ese acatamiento significaba el íntegro cumplimiento del fallo descartando así un posible indulto para los líderes independentistas y garantizaba también el Sr. Sánchez que los líderes del proceso cumplirían íntegras las penas, para que seguir, ¿verdad? Estas son las declaraciones efectuadas por el líder del partido al que ustedes, pertenecen miembros del Gobierno de Ferrol, tan solo 3 horas después de hacerse pública la sentencia.

El Sr. Sánchez, como todos sabemos, se encontraba a las puertas de unas elecciones generales, y con esas afirmaciones faltó a su palabras, mintió a los españoles en su conjunto mintió a sus votantes ya no nos mintió a los que no votamos porque sabíamos perfectamente que nos estaba engañando única y exclusivamente por un interés personal y un interés partidista. Como se suele decir el mentiroso es poco memorioso, pero como bien sabemos todo lo que acabo de decir queda en papel mojado el ansia de poder del Sr. Sánchez la necesidad que tenía éste y su gobierno de votos de los partidos independentistas catalanes para mantenerse en el poder fueron el detonante de dos acciones que dese nuestro grupo entendemos totalmente injustificadas. Primero por parte del gobierno del Sr. Sánchez se propuso modificar el delito de sedición, lo que suponía una rebajada en las penas, de los condenados anteriormente, y en segundo lugar se empezó a hablar de los indultos y en el mes de junio del año 2021 efectivamente el presidente Sánchez y su gobierno rompieron con su palabra, ridiculizaron la justicia española y dan alas a los independentistas que previamente habían sido condenados por los Tribunales Españoles otorgándoles así una medida de gracia como es el

indulto, de forma parcial, todos sabemos que siguen inhabilitados pero en definitiva indultados y fuera ya de prisión. Nos encontramos verdaderamente ante una situación dónde un indulto beneficia más al que da el indulto que a los propios indultados, tenemos claro desde nuestro grupo que la medida de gracia, pues no es más que el salvoconducto que tiene el gobierno de España para sustentarse en el gobierno, cosa señores, y señoras que no había ocurrido nunca antes en la democracia española que un gobierno se hubiera indultado así mismo, indultando a un socio parlamentario, es lamentable que el Consejo de Ministros español haya aprobado estos indultos con todos los factores que había en contra y que se presentaban oposición frontal del Tribunal Supremo. La oposición frontal de la Fiscalía General del Estado, la oposición de gran numero de partidos políticos incluida una gran vertiente del partido socialista la oposición de numerosos juristas y quizás una de las mas importantes, la oposición de gran parte de la opinión pública.

Como creo que bien saben ustedes el 70% de los ciudadanos españoles se mostraron contrarios a estos indultos. Además, todos vimos como a salida de la prisión cuando salían los indultados, pues ellos mismos no mostraban ni el mas mínimo ápice de arrepentimiento, realizando declaraciones literales del siguiente tenor, esto es una pequeña victoria, hoy es un día en el que los catalanes y catalanas nos reafirmamos, no existe indulto que haga calla al pueblo de Cataluña, seguiremos luchando por la independencia y la conseguiremos, la independencia es la libertad de este país. Estas son las declaraciones de algunos de los indultados cuando salían de prisión arrepentimiento cero y amenazas de seguir con su propósito inconstitucional.

Entendemos humildemente desde este grupo municipal, que el gobierno de España ha puesto en duda al igual que los lideres independentistas el funcionamiento de la justicia española, lo que significa un ataque a una institución da le la Justicia que es uno de los pilares fundamentales de nuestra democracia, con todo ello, las intenciones del Sr. Sánchez y su gobierno, entendemos que son claras, lo único que pretende es garantizar su estabilidad en el gobierno; bien desde el grupo popular lo que pretendemos con esta moción es que se respete a los tribunales de justicia, en este caso, y sobre todo al Tribunal Supremo, que es el que se siente atacado, que se respete a la Constitución, que se respete la separación de poderes y que se respete la integridad territorial. Es por todo ello que el Grupo Popular para su debate plenario, solicitando a adopción dos siguientes acuerdos:

Primeiro, expresar o respaldo incondicional e absoluto á Constitución e ó resto do ordenamento xurídico español como garantes da integridade e unidade da nación e do estado de dereito e democracia no noso país.

Segundo, manifestar o apoio á labor que realizan todos os días os diferentes tribunais de xustiza españois como especial mención ó Tribunal Supremo de maneira independente responsable sometidos unicamente ó imperio da Lei como establece o artigo 117 na constitución española.

No punto 2, manter a calidade das condicións laborais cubrindo todos os postos de traballo que por motivos de asuntos propios, enfermidades, vacacións ou liberación sindical mediante contratación das persoas incluídas nas bolsas de contratación pertinentes, así como a cobertura das vacantes de xeito inmediato e con persoal fixo. Engadir ademais os seguintes acordos:

- Eliminación dos recargos de xeito inmediato que supoñen unha sobrecarga de traballo para as carteiras e carteiros co agravio para a cidadanía de non poder recibir a correspondencia diariamente, causando acumulacións e atrasos diarios.
 - Pagamento da quilometraxe ó persoal rural polos quilómetros que exceden do seus contratos debido a recargo en zonas urbanas.
 - Eliminación do actual sistema de reparto concentrado en Ferrol pola tarde, onda as repartidoras deban levar certificacións, notificacións e outros produtos ata o límite do Porto do Cabo, substituíndo por outro sistema baseado en postos máis achegados ás localidades de Ferrol Terra.
 - Maiores medios de transporte para o reparto da paquetería mediante vehículos aptos para una das maiores franxa de negocio actualmente en correos co fin dunha maior eficiencia, seguridade de ditos produtos.
- Nada máis. Moitas grazas.

SR. SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas. Primeiro, agradecer a presenza dos representantes sindicais, tanto de Miguel de CCOO, de Villa de UGT e Carlos da CIG, que fai esas achegas as máis a nivel local, e apoiar todas e cada una das súas palabras.

Creo que o servizo público de Correos está sufrindo un desmantelamento, iso é evidente, comparto completamente o contido desta moción, un desmantelamento que ven sendo elaborado e tramado de forma intencionada de fai moitísimos anos, creo que ben, todos coñecemos a irrupción da mensaxeira coas as plataformas de venda a través de internet que están facendo pequenos lobbies conta un servizo público que ninguén, creo que ninguén se formularía este recorte en servizos como o transporte público, outros servizos como a sanidade, cando son perfectamente equiparables, son servizos que están consolidados no noso sistema que deben atender máis a unha procura de cubrir unha necesidade social que a amañar un déficit económico e que isto é unicamente o que se pon en valor é a viabilidade económica dun servizo que non ten ese fin, non ten como fin recadar cartos para as arcas públicas, senón prestar una atención social. Esta moción de forma moi similar, digo que xa ven de moi lonxe, creo que dende o 2014, xa neste pleno foi debatida en termos similares co goberno do partido PP e definida por Javier Galán nese momento no grupo municipal de Esquerda Unida, esa foi toda a xuntanza cos traballadores de servizo público de correos ás que xa se

fixo mención e a situación non so mellora senón que empeora máis cun goberno progresista.

Quería determe un momento nas palabras do voceiro do partido popular cando falaba da necesidade dun plan estratéxico, unha dirección cualificada e cabe preguntarse si esas mesmas propostas foron unhas aplicadas para Navantia no ciclo 2010-2014 de baleiro espectacular cunha dirección para nada cualificada, como o ínclito o señor Revuelta que todos coñecemos, e con ese plan estratéxico reorientado a PEMEX que deu como lugar ó chamado pacto dos montes, tanto esforzo para saír un rato.

Creo que, en coherencia tanto o Partido Popular como o partido Socialista que estou seguro que terán unha unanimidade deberán darlle continuidade nos seus ámbitos respectivos e no tocante á Función Pública do actual goberno cando pasaron por ese cargo tres ministros cuns bandazos tanto en dotación de persoal como en negociacións coas organización sindicais, que dan lugar a moitas incertezas para o futuro da Función Pública en xeral e o sostemento dos nosos servizos públicos, e creo que merecen unha reflexión que dende logo aquí todos apoiaremos, que se doten de máis medios, máis persoal pero si iso non ten continuidade dende o nivel autonómico como central de pouco vai servir, máis que ben, facer algo de presión que non é suficiente senón ai medios materiais, persoais e humanos para amañar unha situación que como digo, ten presións ----- o que é o servizo público de correos e que derivado, pois, crecemento de oportunidades de negocio de moitas empresas privadas que queren contar o que é un servizo de proximidade e sobre todo como tamén se dixo polos que interviron moi vencellado á mantemento de fixación de poboación nas zonas rurais que non propicie que sexan cidadáns de segunda categoría como ven sendo habitual. Nada máis e grazas.

SR. REINA VILLALÓN: Moi bo dia a todos e todas. En primeiro lugar tamén quero sumarme a ese agradecemento a Elvira e a Miguel e a Carlos, polas verbas, pola solicitude que nos adicaron. Nós, de maneira moi breve, queremos manifestar como xa adiantaba o voceiro de Ferrol en Común o noso voto favorable baseado en que independentemente de que esta moción a presenta un grupo logo no debate cada un ten que arrimar a ascua a súa sardiña, consideramos que non debemos perder nin calidade nos servizos públicos nin nos dereitos dos traballadores e traballadoras que forman parte deles, e polo tanto, manifestar o noso voto favorable simplemente animando a que teñamos o mesmo criterio de defensa dos servizos públicos tanto, cando e para facer unha manifestación de oposición a un goberno como en este caso, queda manifestado pola crítica ó goberno central que manteñamos a mesma coherencia naqueles espazos nos que nos toca gobernar e para poder así manter estes servizos de calidade, estes dereitos que todos parece ser que defendemos. Nada máis e moitas grazas.

SR. REY VARELA: Si pode ser para pechar a quenda, pero senón as quendas que faian falta. Si que vou facer referencias por iso, moi breves; en todo caso, señor Reina, coherencia todo, eu o que lle digo é os representantes sindicais de correos din que esta situación non ten precedentes na empresa, eu non trato de xustificar ningunha cuestión, por suposto. En segundo lugar saben que vou ser breve, a que fai o señor Suárez é que estou totalmente de cordo, o señor Revuelta era un

directivo tóxico para Navantia, isto o digo hoxe e o dicía cando era Alcalde da cidade. Ogallá se estivera dicindo o mesmo de algúns directivos tóxicos de empresas públicas neste momento.

Señora López, a min non me corresponde enxuizar a dirección de Alberto Núñez Feijoo en Correos, ademais diso fai bastantes anos, si lle quero dicir que asistín en catro ocasións á toma de posesión de Alberto Núñez Feijoo como presidente da Xunta de Galicia, de momento a catro.

Eu quérolle dicir que os representantes sindicais de correos de España asistiron ás catro veces, puiden estar con eles, porque asisten sempre a toma de posesión de Alberto Núñez Feijoo como presidente da Xunta non de Correos polo tano algo ben terá feito nesta empresa. Polo tanto, nós nos limitados a trasladar o que os sindicatos UGT, CCOO, nos trasladan por iso non podemos facer nosas si non aí un acordo entre a nivel sindical outras diferentes porque esta é unha moción de trasladar o pleno que é distinta a que si fora elaborada por nós e para esa moción pedimos o apoio do resto dos grupos políticos desta corporación. Nada máis e moitas grazas.

11. MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E DE FERROL EN COMÚN EN NOME DA COMISIÓN PRO MEMORIAL DAS VÍTIMAS DO FRANQUISMO EN FERROLTERRA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN MONUMENTO ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO. (CIVIDAS 2021026231). Examinada a moción que elevan os grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e Ferrol en Común, que textualmente di: "O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e o grupo municipal de FeC , ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno da Corporación. Exposición de motivos

Os represaliados e represaliadas pola sublevación militar fascista e a ditadura franquista con resultado de morte pertencentes a 25 concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, nas súas diferentes formas, fusilamentos, aplicación da lei de fugas e os tráxicos paseos, moitos deles crimes de lesa humanidade merecen ser lembrados e lembradas evitando que tantas vítimas, durante todo o tempo de pervivencia daquel réxime ditatorial, continúen padecendo a discriminación e a inxustiza e que o paso do tempo leve ao seu esquecemento.

Nuns casos foron vítimas de execucións extraxudiciais, noutros de consellos de guerra nos que prevalecía a indefensión e a práctica do terrorismo de Estado.

O número de asasinados e asasinadas, que abarca o período 1936-1976, a día de hoxe é de 984 homes e mulleres pasados polas armas aínda que a lista non é definitiva, pois as investigacións continúan.

Estes homes e mulleres que viviron o terror imposto por unha ditadura atroz e sufriron persecución e represalias e que a pesar do enorme risco, loitaron e deron a vida polos valores democráticos, pola liberdade e en contra do fascismo, merecen o noso recoñecemento.

Mais o certo é que pese a terse aprobado de maneira reiterada en dous plenos municipais, 2017 e 2020, a proposta de erección dun Monumento que recolla os nomes e a cronoloxía dos asasinados polo

franquismo, aínda estamos a agardar porque se de cumprimento aos referidos acordos por parte do concello de Ferrol.

Diante de esta desleixo, a Comisión Promemorial das Vítimas do franquismo, historiadores, familiares dos asasinados, axentes sociais e a cidadanía en xeral, esiximos o cumprimento dos acordos do pleno do Concello e a construción xa do devandito monumento.

Queremos deste xeito honrar a estas vítimas, os nosos concidadáns que loitaron pola xustiza, pola legalidade e a democracia.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG e o grupo municipal de FeC propoñen ao Pleno da corporación a adopción do seguinte Acordo:

1. O pleno do concello de Ferrol acorda instar ao Alcalde da cidade e ao goberno local á execución dun monumento ás vítimas do Franquismo onde se recollan os nomes e cronoloxía dos asasinados e das asasinadas, a situar na Rúa Navegantes nas inmediacións do antigo Cemiterio de Canido e no prazo de 6 meses a contar desde a súa aprobación plenaria. "

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por trece votos a favor, correspondentes ós Sres./as membros dos grupos Socialista, Ferrol en Común e Bloque Nacionalista Galego e doce abstencións, correspondentes ós Sres./as membros do grupo Popular, acordou aprobar a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. FERREIRO CURRÁS: É un honor para min intervir por primeira vez nesta sala, sobre todo tamén pola causa que vou dicir. Señor Alcalde, señores Concelleiros deste concello de Ferrol, grazas por concedernos a palabra a esta asociación.

Desde hai anos vimos reuníndonos co único fin de construción do monumento ás vítimas do franquismo. O noso desexo deuse logrado coa aprobación do pleno do mes de outubro do ano 2007 con estas feitiцеiras palabras: o memorial proxectado deberá ser un espazo senlleiro de revitalización e mantemento na memoria que afirme o noso sentido de pertenza ó territorio que sexa parte visible de aprendizaxe e presenza da nosa herdanza democrática, debера ser un lugar de conmemoración de lembranza de todas as persoas, asasinada, perseguidas, condenadas, tantos anos a un esquecemento que queremos corrixir por xustiza e para coñecemento das xeracións presentes e futuras.

Mais, pasou tempo, e a anterior Corporación non cumpriu o acordado, co noso empeño, outra vez a actual corporación recuperou de novo coa mesma maioría, a aprobación no pleno de outubro de 2020; vendo que pasa o tempo, e esta segunda aprobación non consegue levar a cabo a construción do monumento, esta asociación fixo unha chamada a unha concentración o día 18 de xullo pasado, diante dunha pancarta cos nenos e apelidos de esas vítimas. Un nutrido numero de persoas, incluídas familiares das vítimas, solicitan desta corporación, que vostedes conforman, dunha vez por todas sexan e dean os pasos precisos sin mais demora, para a construción dun monumento no lugar acordado e coa listaxe que os historiadores, Xosé Manuel Suárez Martínez e Bernardo Maíz Vázquez, teñen xa confeccionada neste concello.

Está suficientemente probado o deber de xustiza que ten Ferrol, de render esta homenaxe ás vítimas asasinadas nun numero superior a calquera outro de pobo de Galiza, onde tamén figuran monumentos de homenaxe.

Perdoen este atrevemento destas duras palabras que lles imos dirixir: sería unha vergoña e unha actitude que non tería nome, quedase sin cumprir estes acordos tan solemnemente proclamados por esta corporación que representa a todo o pobo de Ferrol Terra. Pola contra esperamos que vostedes figuren nos anais históricos como unha corporación do deber cumprido en honor ás vítimas que defenderon a democracia e a legalidade. Moitas grazas, por esta escoita

SR. RIVAS RICO: Grazas señor Golpe. Dous cousas. En primeiro lugar darlle a benvida a Anxo e a Asociación que representa que leva tempo loitado porque se recoñeza se dignifique as persoas asasinadas ó longo do período de máis escuro que ten acontecido durante as últimas décadas e que aínda a día de hoxe esta a desenvolver os seus detractores incluso a través de organizacións políticas. En segundo lugar, agardo que esa suposta oposición que así se denomina o Partido Popular e que ten aprobado todos os puntos que se teñen traído a este Pleno Municipal, por parte do goberno, continúe con esta dinámica e vote favorablemente a este acordo, porque creo que sería importante que fagamos efectivo dunha vez, este monumento de recoñecemento a estas persoas que foron asasinadas o longo de todos estes anos.

Eu unicamente quixera facer tres reflexións. A primeira ten que ver coa idea de que o que ten acontecido ó longo de todo ese tempo e non so neses tres primeiros anos no noso país, en Galicia, non foi unha guerra foi un exterminio. Nos tres primeiros anos asasináronse 4.699 galegos e galegas, nos cinco primeiros meses matábanse a 14,25 persoas ó día é evidente, que e necesario recoñecer e poñer de releve a dignidade e a vida roubada a estas persoas que sufriron este xenocidio este exterminio desenvolvido como digo, non so, nestes primeiros anos, senón ó longo de todos os anos que durou esa ditadura infame que tiveron que sufrir os nosos país, as nosas mais, os nosos avós e as nosas aboas.

A segunda idea, ten que ver con outra realidade, outro feito acontecido ó longo de todo este tempo que foi edulcoración desde o primeiro momento nunha operación de propaganda e branqueamento do franquismo que chega ata os nosos días, chega ata os nosos días, en palabras non sei exactamente que denominación ten, si é presidente, secretario xeral e non se sexa o relevante, o relevante é que o representante político o maior representante política en unha organización como o partido popular que chegou a afirmar recentemente que a guerra civil foi un enfrontamento entre quen quería a democracia sen lei e quen quería a lei sen democracia. Un señor que foi capaz de sentarse e desenvolver actos ó carón de ex ministros que negan o golpe de Estado, seguramente sexa con argumentos como que era ineludible desenvolver estes actos atroces para poder limpar España.

A terceira idea, que creo que é importante lembrar é que o obxectivo destes asasinados non era rematar ou acabar coa república, o obxectivo, era rematar e acabar con todo e con todas aquelas persoas que puideran cando menos, albiscar un futuro plural e libre, era asasinar e rematar con todo aquel que supuxera algún tipo de cambio era cercenar

calquera tipo de opción xa non nin política que non fose concomitante co réxime fascista que estaban a desenvolver e que estaban a aplicar, así mataron de todo, mataron nacionalistas, mataron anarquistas, mataron comunistas. Asasinaron a calquera persoa que fora contraria o máis mínimo as directrices que ese réxime infame desenvolvía. Por iso, penso que tan importante que eses acordos plenarios que se teñen adoptados neste pleno municipal se fagan efectivos dunha vez, que dignifiquemos ós asasinados e as asasinadas durante todos estes anos, que como digo, e me parece fundamental ser conscientes de que non foi un período concreto senón que foi unha directriz adoptada ó longo de toda a ditadura franquista e que chega ata os nosos días próximos, os nosos días foi asasinado Moncho Reboiras, moi próximo a este salón de plenos ou de Amador e Daniel por reivindicar dereitos laborais e sindicais. Por ese motivo Anxo e as persoas que hoxe están aquí teñen colgado do balcón municipal unha pancarta que lembra a todas esas persoas asasinadas, e que lembra a necesidade de desenvolver ese monumento e que desde o BNG, consideramos que debe permanecer colgado dese balcón, mentres ese monumento xa prometido, xa asegurado por esta corporación municipal non se faga efectivo. Moitas grazas.

SR. SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, moitas grazas tamén a Anxo e a todas as persoas que están traballando dende aí moito tempo para que ese memorial sexa unha realidade.

Esta historia ven de moi lonxe xa o ano 2007 falábase de facer un memorial coincidindo co resto da estatua retirada da Praza de España, e retomouse esta iniciativa en 2017, tamén en setembro de 2020 Ferrol en Común, presentou unha moción para continuar un expediente que está vivo, creo que é un expediente que non está arquivado de cara a construción deste memorial e hoxe estamos aquí outra vez en representación tanto o BNG como Ferrol en Común, traendo unha proposta que as persoas que integran esta asociación para a construción del memorial, desexan que sexa unha realidade. Moitas veces é certo, que a burocracia e inimiga da xustiza, a maior inxustiza que aí é recoñecer que todos e todas as que estamos aquí é grazas ó sufrimento non so das 1.000 persoas asasinadas, porque houbo máis de 1.000 persoas asasinadas, en virtude dun golpe de estado, dun réxime ditatorial e fascista e houbo que persoas que non sufriron unha morte física pero si unha morte civil, que son todas as familias das vítimas do franquismo, todas as persoas que foron condenadas ó ostracismo polas súas ideas política, todas as persoas ás que se lles impediu un desenvolvemento persoal e profesional por ter unhas ideas políticas determinadas e creo, sinceramente as 25 persoas que compoñemos esta corporación somos sensibles a ese feito, todas queremos que materialice nun obxecto tanxible, palpable que vai máis alá, dunha mera pedra cunchos nomes inscritos senón que vai ter vida propia de memoria, porque isto é un acto de memoria histórica.

Entendo que, o goberno local tamén está de acordo con este monólito, coa súa construción, entendemos porque así o sufrimos, que moitas veces as dilacións veñen derivadas máis de situacións administrativas que situación de votade política, e confiamos en que outra vez, creo que é xa a terceira co apoio unánime de toda a corporación sirva de pulo para transformación na realidade dese traballo iniciado por Bernardo Maíz e Xosé Manuel Suárez facendo esa lista exhaustiva de máis de 900 nomes que

agora logo da investigacións posteriores superen o número de 1.000 e que xa está publicada na páxina web do concello, existe un expediente, creo que en urbanismo, a día de hoxe, logo de diferentes voltas por negociados do Concello e que se lle poda dar ese impulso definitivo e que todas esas persoas, as 1.000 permanecen na nosa memoria, ás que debemos mostrar gratitude, pero tamén a todas as que loitaron contra o franquismo, contra tardofranquismo sufrindo represión, tortura, cadeas, e o que dixen antes un ostracismo social, por un réxime fascista, pois teñan un lugar no que recoñecerse no que recoñecer a democracia da cidade, da que todos e todas nos podamos sentir orgullosos e estou convencido de que eso será un triunfo do noso Concello e tamén un recoñecemento digno a todas as persoas. Nada máis.

SRA. MARTÍNEZ MONTERO: Grazas, ben, pois, un pouco na liña do que ven de dicir o voceiro de Ferrol en Común e por suposto, dándolle a ven vida e agradecendo as palabras de Anxo, recoñecendo o traballo que desenvolve a súa Asociación, por suposto este goberno local xa o leva facendo, creo que dende o principio.

Falaban vostedes do ano 2007, eu vendo un pouco os diversos acordos plenarios, creo que o Partido Socialista, pois sempre amosou favorable saldar esa débeda histórica, dicía Anxo é un deber de xustiza que ten Ferrol, este grupo subscribe completamente esas palabras e así o foi amosando nos diferentes acordos plenarios, por un pouco lembrar, non repetirme moito, con respecto a intervención da moción presentado por Ferrol en Común ai uns meses existiron, efectivamente, no anterior mandato un acordo relativo a albergar no antigo cárcere do Castelo de San Felipe, un centro de interpretación da memoria histórica e histórica neste caso, presentado polo propio Grupo Socialista, nesta caso facendo eco da Asociación de Memoria Histórica Democrática e efectivamente despois, o seguinte acordo plenario sobre esta memoria, non?, e verdade que o expediente, por suposto, non está pechado, está iniciado e xa digo, non me vou repetir, con respecto anterior pleno, ai unhas bases para ese memorial que non están fiscalizadas, que eu creo que habería que abordar que retomar.

O outro día estiven en Deputación, porque había posibilidade de algún tipo de achega pero claro, temos que ter unha proposta e sobre todo baseada nun punto, creo que é fundamental, que é o consenso, non?. Ai varias asociacións de persoas represaliadas, creo que, sería o momento axeitado, a moción fala de 6 meses, eu creo que, para facer ese memorial, eu creo que o que si ai que facer de forma inmediata e falo por exemplo do mes de setembro, outubro facer esa comisión que acordamos tamén, creo que foi o mes pasado ai dous meses, non? Eso si que o compromiso que adquirimos hoxe en convocar de forma inmediata non é agosto o mellor mes, pero si en setembro facer esta, convocar esta comisión na que convoquemos evidentemente os grupos políticos pero tamén, a todos as entidades que están a traballar dende ai moitos anos, nesta recuperación da memoria que creo que esta corporación e sempre con unanimidade entendeu que era, que era unha obriga e a partir de ahi, pois abordar unha serie de cuestións, que ó longo de polo menos o tempo que leva este goberno, pois que cremos que é importante definir e concretar, non? pois que tipo de memorial, a localización exacta do monumento que ó mellor sería o dato menos relevante porque semella que

aí poda haber un acordo total, non? e logo tamén, por exemplo, pois ver que esta listaxe de persoas asasinadas, ben, pois determinar, cando de que períodos e chegar ata o ano 73 ou pola contra, ben, pois, centralo nos anos do 36 ó 43, que o período que máis asasinados, ver si serían os ferroláns, de nacemento en Ferrol, si ai ferroláns de nacemento asasinados fora do noso municipio ou persoas nadas noutras localidades---- Ferrol, é dicir, que son cuestións que creo que son perfectamente, ben, que se poden acordar, que se poden consensuar, e creo que é fundamental que é unha cuestión de relevancia e de importancia que ten para este grupo tanto como unha formación política historicamente no franquismo represaliada e tamén unha formación impulsora da lexislación vixente nesta materia, creo que por suposto, é un obxectivo non sei si dicilo prioritario pero si de dar relevancia suficiente para abordalo en vindeiras datas e xa digo, insistir neste compromiso hoxe aquí en convocar, ben pois, no período despois do que serían as vacacións que é un pouco de máis parón administrativo de agosto, pois, en setembro o máis tardar en outubro esa mesa para chegar a un acordo, que creo que unha cuestión que xa digo, de esta importancia debe ser consensuada. Pola miña banda, nada máis. Moitas grazas.

SRA. ANEIROS BARROS: Muchas gracias Sr. Golpe y muy buen día a todos. Como ya se dijo por los que intervinieron hasta este momentos, esta es una moción que ya se ha venido reiterando en estos últimos tiempos, efectivamente en el 2017 en el 2020, hace yo creo que un par de meses, también Ferrol en Común traía una moción en la que se solicitaba lo mismo que viene hoy en la que, ahora nos ocupa.

Nosotros vamos a ser coherentes, vamos a aprovechar para saludar a Anxo e a todos sus compañeros también, y precisamente vamos a mantener el voto que tuvimos en todas estas ocasiones anteriores. Siempre reiteramos esa declaración que sale que emana del Parlamento de Galicia, de apoyo a las acciones dirigidas a recuperar a dignificar la memoria de las víctimas de la represión ejercida en la Guerra Civil y durante el franquismo y lo hacemos en el día de hoy. Simplemente, hacer un par de comentarios al respecto y es que bueno, en primer lugar deberían darse cumplimiento, se exige así, en la moción se habla expresamente de exigir el cumplimiento de los acuerdos del pleno y no podemos más que estar de acuerdo, por supuesto, con exigir que por parte del gobierno, que en esta caso, ocupa esta corporación que dé cumplimiento, no sólo a estas sino a todas y cada una de las mociones y por tanto, de los acuerdos que salen de este Salón de Plenos y en ese sentido, pues bueno, lamentar, nosotros hemos sido siempre coherentes, pues hace escasos días en ese último pleno extraordinario en el que efectivamente se tuvo la ocasión de votar las enmiendas al presupuesto en los que se incorporaban distintos acuerdos que habían emanado de mociones aprobadas, también en este Salón de Plenos y que no contaron con ese respaldo. En cualquier caso, nosotros, insisto, vamos a mantener nuestro voto, al igual que lo hicimos en anteriores plenos y exigir también al gobierno que de cumplimiento a todos, a todos y cada uno de los acuerdos plenarios que adopta esta corporación. Nada más y muchas gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. Golpe. Dúas cousas. A primeira, creo que o obxecto desta moción polo feito de que, é certo, isto é un acordo que se ten adoptado, e ademais por unanimidade neste Pleno Municipal non

é adoptar este acordo. O obxecto desta moción é que a persoa que entreviú, neste caso Anxo, as persoas que foron parte da comisión as persoas que están ó redor desta proposta en constitución deste monumento, saiban exactamente cales son as intencións do goberno local e ademais, a intención desta moción e que se lles fale con honestidade e con claridade, entón desde esa perspectiva, creo que deberíamos ter claro, cando menos unha cousa, unha nada máis, cada quen desde a posición que considere e lexítimamente definindo os criterios oportunos ó respecto deste tema en concreto.

Deberíamos ter en conta, que si votamos a favor desta proposta, o compromiso que adquirimos hoxe, e o que adquirimos en 2017 o que adquirimos no 2020 e é o compromiso de executar este monumento en 6 meses non en constituír unha comisión. Ese é compromiso que adquirimos, ese é o que aparece no acordo desta moción e si queremos ser honestos e honestas é o compromiso que deberíamos adquirir e este é o obxecto fundamental da moción. Este é o obxectivo, por iso presentan esta Asociación esta moción, porque leva agardando moitos anos, a que ese monumento se faga realidade, non queren que sexan 6 meses? 5, 4, 7, 8, ese non é o debate a cuestión non é un mes arriba un mes abaixo, a cuestión é a constitución a construción dese monumento, e a construción ademais nunha localización xa definida, non estamos a discutir a localización, quero dicir, vostedes poden discutir o que queiran e poden ter lexitimidade para decidir a localización onde queiran, pero o que votamos hoxe non é iso, o que votamos hoxe é o desenvolvemento deste monumento nunha localización definida que é no barrio de Canido, diante do instituto pola implicación simbólica que isto ten. Tampouco discutimos, non é o obxecto desta moción discutir o número de persoas que se inclúen neste listado, o número de persoas esta desenvolvido, ese traballo está feito por dous historiadores que achegaron esa documentación. Eles mesmos, afirman que esa listaxe é susceptible de incorporar máis nomes ó longo do tempo que non é unha investigación pechada; polo tato ese deberá ser un criterio a ter en conta para o desenvolvemento deste monumento ós asasinado e ás asasinadas, pero non estamos a discutir a listaxe tampouco estamos a discutir si isto ten un carácter local, é una listaxe que incorpora ás persoas asociadas do conxunto da comarca, e unha listaxe que define un tempo determinado, e por tanto esas cuestións no son as que están hoxe a debate.

Como digo vostedes teñen toda a lexitimidade para tomar outro tipo de criterios e decidir si o queren facer doutra maneira, pero o que traemos hoxe, é o que se trouxo no 2020, o que se trouxo no 2017 non é eso. Está claro o que estamos a traer aquí a este Pleno, é dar cumprimento a ese acordo e a máis facelo xa.

Tampouco estamos a discutir se ten que participar a Deputación ou non, tampouco estamos a discutir as bases para desenvolver este monumento ou ¿non?, o único que queremos é de maneira honesta e clara se lle diga, sobre todo a estas persoas, que isto se vai facer, que se vai facer xa e que ademais se vai facer cos criterios que eles están a incorporar a esta moción. Polo tanto, eu o que si lles pido é iso. Un certo compromiso cos acordos que adopte. Nada máis, moitas grazas.

SR. SUÁREZ FERNÁNDEZ: Grazas. Primeiro agradecer o esforzo de todos os grupos para que esta moción conxunta saia adiante que creo que o van

a agradecer e moito, todas as persoas que forman parte dunha iniciativa que é xusta e facer non tanto unha homenaxe senón unha reivindicación da loita que durante tantos anos levaron adiante nun réxime totalitarista e ditatorial e fascista moitas persoas que poderían permanecer estáticas decidiron dar pasos a diante poñendo en risco a súa vida. Polo tanto, esa sensibilidade de todos e todas nesta corporación a temos o que se está a demandar que esa sensibilidade se transforme en algo material. Eu entendo, como dixen antes, as dificultades de tramitación administrativa que son inimigas da xustiza social en moitas ocasións, pero creo que se temos ese compromiso confiamos en non dar pasos atrás para reelaborar acordos xa consolidados no pleno, quizás no prazo de 6 meses pero si que eso que estamos a reivindicar se podan dar pasos firmes consolidados e con acordos dos que se refería a Concelleira do Goberno a Sra. Martínez Montero, perdón, o verano, eses compromisos que dicía a Sra. Martínez Montero, ter unha bases xa relatadas, ter unha partida orzamentaria, pasos como digo xa materiais que se podan ver pois sirvan de acicate de impulso e que, pois, canto antes teñamos xa encauzado, encamiñado, máis ala desa lista xa elaborada e publicada na páxina web, o un borrador de bases, pois como digo, feitos máis palpables, que se vexa esa luz que alume ese monólito, do que creo que sería un grande logro político para todo o Concello de Ferrol, non so para o goberno para toda a corporación tamén é algo politicamente do que podemos estar orgullosos e orgullosas por facer xustiza con quen loitou porque hoxe esteamos aquí. Grazas.

SRA. MARTÍNEZ MONTERO: Unicamente, a única puntualización que quero facer é que o Sr. Rivas di que o goberno fale con honestidade, precisamente con honestidade, nesta caso eu estou falando por iso dou as explicacións sobre a situación do expediente, sobre a situación dos pasos dados e con diferentes administracións e unha tramitación destas características sobre todo se forman parte, creo que non é a cuestión menor, se forman parte unicamente o Concello de Ferrol, o resto da Comarca, creo que tamén fai un pouquiño máis complexa a súa tramitación administrativa, e ademais, efectivamente non dubido a que se está nunha lista así pero polo menos, eu como concelleira teño coñecemento doutra listaxe por outra asociación.

Como creo que precisamente do que se trata nun tema, repito desta importancia é a da unidade, pois nos é ó que nos comprometemos a impulsar dun xeito inmediato que tamén un acordo plenario, é certo ¿non?, a impulsar de forma inmediata esa comisión, esa mesa de traballo, para con estas entidades e co traballo feito e non anteriores anos e o compromiso deste goberno poidamos dar pasos definitivos, eu xa digo, en 6 meses é que estou falando con honestidade en 6 meses vexo complicado por non dicir imposible que o memorial estea rematado, eu podería dicir votamos a favor e logo pasan 6 meses e volverán outra vez coa mesma moción e neste caso terei que defender eu, como dixen que 6 meses cando non, evidentemente nós compartimos subscribimos ó 100% esta moción a única cuestión é que por iso maticei que é complicado en 6 meses ter o memorial completado pero si que o noso compromiso e de dar pasos e xa digo, insisto na necesidade da unidade, da unidade con respecto a todas entidades a todas as persoas que foron represaliadas durante o franquismo e o noso voto fai ser favorable, como ven sendo dende sempre.

Grazas.

SR. RIVAS RICO: Grazas. Ven eu, das cousas brevemente, en primeiro lugar, eu cando me refiro á honestidade, me refiro exactamente a isto, ¿non?. Decía antes, o problema non son os 6 meses se queren poñer 8 poñan 8, esa non é a cuestión, a cuestión é que vostedes están a facer consideracións que non están no debate, non están neste debate; e dicir si vostedes queren entrar nesas consideración, entren e fagan vostedes esa comisión, fagan, o acordo que queiran adoptar, pero o acordo que hoxe traemos aquí e outro é un acordo moi concreto moi específico e cunha implicacións tanto de localización como de execución determinadas.

A cuestión temporal non é o determinante pero a listaxe creo que temos todos e todas clara, vostedes están a falar de outra listaxe, creo que isto non e o debate desta moción, o debate desta moción non é, impulsar unha mesa de traballo, este non é o acordo desta moción.

O acordo desta moción é a execución deste monumento con esa listaxe nunha localización concreta e nun período mais ou menos próximo, e esa é a honestidade que lle estamos a pedir. Si vostedes votan a favor disto cùmprano, cùmprano, esa é a honestidade que lle estamos a pedir, en calquera caso desde o BNG, agradecemos o apoio, ademais, creo que é importante que sexa unánime, esta proposta de novo, pero como dicía antes o interesante non é volver a adoptar este acordo, senón que este acordo se faga efectivo e xa non o digo polo BNG, o digo polas persoas que hoxe decidiron participar neste pleno desenvolveron o un acto aí dúas semanas aquí diante deste concello e hoxe colgaron do balcón deste edificio esa pancarta lembrando a todos eses nomes a modo de monumento simbólico, agardando que o que debe permanecer no tempo se faga efectivo o antes posible. Moitas grazas.

SR. SUÁREZ FERNÁNDEZ: Grazas. Eu agradezo as palabras da Sra. Martínez Montero, creo que foi honesta, pero creo que esa honestidade choca, como dixen antes, cos acordos plenarios, eu entendo que poida haber máis asociacións, que poda haber mais persoas investigadoras, pero o que se acordou neste Pleno e que dous historiadores que eran Bernardo Maiz e Xosé Manuel Suárez, fixeran unha recompilación da listaxe de vítimas do franquismo que esta lista fose publicada e exposta ó público na páxina web do Concello de Ferrol, e a partir de aí que se traballase no memorial que contivese o nome e apelidos das persoas represaliadas, a data da súa da súa morte e o lugar no que foron asasinada.

Creo que, como dixen antes, dar pasos para atrás e revolver en aras a algo que non é o acordado sería ir contra o espírito mesmo desta moción e polo tanto, creo que o que merece esta comisión que non é unha asociación constituída como tal senón que son persoas vencelladas sobre todo a loita contra o franquismo e que se dean pasos cara a diante e se materialice e se faga efectivo este acordo, dende logo nos entendemos, como xa reiterei nas dúas anteriores intervencións as trabas administrativas posibles, pero enriba das posibles trabas, entramos no fondo do expediente xa traballado a modificar o seu contido, creo que podería dificultar aínda máis cumprir cos prazos que entendo que son flexibles pero que isto sexa real neste mandato que como dixen antes sería una vitoria política de todo o Concello de Ferrol.

SR. ALCALDE: Ogallá teña vostede razón, e se poda cumprir neste mandato.

12.-ROGOS E PREGUNTAS. No turno de rogos e preguntas formuláronse os seguintes rogos:

SR. SUÁREZ FERNÁNDEZ: Teño un rogo, é en relación.., moi breve, xa llo anuncie antes á Concelleira, onte tivemos unha reunión con traballadoras de axuda a domicilio, non deu tempo a presentar unha moción, tampouco queríamos presentala por vía de urxencia, unicamente para que quede constancia no Pleno, da súa inqueda polo mecanismo de subrogación dunha empresa a outra, que se está a dar nese servizo de Dependencia municipal e pola falta de subministración, pola empresa adjudicataria de mascarillas idóneas, segundo nos comentan, para o desenvolvemento do seu traballo, unicamente quería deixar constancia diso, se quere respostar agora ou noutra comisión ou Pleno, pois queda aí.

SRA. MARTÍNEZ MONTERO: Eu tamén, con independencia de que me poñerei en contacto coa central sindical, que non se puxo en contacto comigo en ningún momento, si bueno que me gustaría respostar ás dúas cousas.

Unha, efectivamente, eu falei coa responsable de Clece, hai uns días, porque cando se fixo a subrogación, a día 1 de xullo, houbo algún problema cos marxes, bueno vendo os datos de subrogación, había cuestións de décimas, porque segundo me trasladou ela, houbo problemas cunha das empresas, en concreto, que ademais era a que tiña tres lotes e, polo tanto, afectaba a un maior número de traballadoras e, por tanto, efectivamente, si había que facer un reaxuste, so que quedou a responsable da empresa comigo, coa que falei en canto tiven, neste caso por redes sociais, tiven a información dalgunha traballadora, a quedei en que este mes quedaba solventado, polo tanto, xa dixen tamén que vamos a estar expectantes e vendo a ver que sucede cando cheguen esas nóminas e os datos son os que deberían de ser ou senón evidentemente o Concello neste caso como responsable terá que tomar as medidas oportunas.

E con respecto as mascararas, tamén me interesei por ese tema, e o que se me trasladou, así o constatei, é que se están a cumprir os protocolos da Xunta, sobre as medidas de protección e, por tanto, eu tamén xa digo, non teño problema en falar coa central sindical, e ver a situación que me expón, para ver como é, pero o que me garante a empresa adjudicataria e así me trasladou os protocolos é que se están a cumprir, neste caso tomo nota e falarei coa central sindical de forma inmediata.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levantou a sesión, sendo as catorce horas e oito minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

Visto e prace,
O Alcalde-Presidente

Don Ángel Manuel Mato Escalona

O Secretario Xeral,

Don Leopoldo Moure García